# 2.1 mercado de traballo

Este apartado céntrase no estudio das diferentes variables relacionadas co mercado de traballo galego, para o que se ten en conta a información facilitada pola Enquisa de Poboación Activa (EPA) –elaborada polo CES en medias anuais–, o Instituto Nacional de Empleo (INEM), o Consello Galego de Relacións Laborais e o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

A primeira parte do estudio está adicada á análise dos datos de **afiliación á Seguridade Socia**l, que experimentou un crecemento do 4,5% respecto ó ano anterior (preto de 37 mil afiliacións máis), para acada-los 851,2 miles de persoas.

Posteriormente, farase referencia ós datos da **EPA** e consideraranse aspectos como a taxa de actividade, a poboación ocupada, parada e inactiva, ou a taxa de desemprego. Como punto de partida á análise do mercado de traballo a partires desta fonte de información, cómpre salientar que en 1999 produciuse un **cambio na súa metodoloxía**, o que limita a comparación intertemporal. Estos cambios producíronse para adaptala á nova normativa da UE (Reglamento do Consello 577/1998, de 9 de maio, relativo á Organización da enquisa mostral da poboación activa da Comunidade) e para mellora-la recollida da información. Entre os cambios operados salientan:

**(a)** no deseño da mostra, a ampliación de 12 a 13 o número de semanas en que se distribúe a mostra en cada trimestre e a extensión de entrevistas no mes de agosto, e a ampliación das seccións censais entre as que se selecciona a mostra, polo que en total a mostra é maior, pasando de 64.000 a 65.000 fogares.

**(b)** na recollida da información, prodúcense cambios na redacción das preguntas do cuestionario, no calendario de recollida da información (cambiouse o calendario de forma que agora só recolle no primeiro trimestre a información da

que se extrae a clasificación dos ocupados por diversas condicións de traballo; ampliouse e inclúese agora en tódolos trimestres, antes só no segundo, a información sobre a situación un ano antes en distintas preguntas; novo tratamento das incidencias no traballo de campo, especificándose agora, cando as vivendas sexan inaccesibles ou sexan ausentes, que os contactos se repetirán a horas e en días diferentes.

**(c)** Novas preguntas, sobre se o entrevistado foi contratado por unha ETT, está contratado como asalariado na súa propia empresa ou en cooperativa da que é membro, está subempregado por insuficiencia de horas, traballou nalgún momento do ano anterior. Inclúese ademais un novo módulo de preguntas, no segundo trimestre de cada ano, de contenido variable. No ano 1999 foi adicado a preguntas relacionadas cos accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

**(d)** Novas definicións, como a ampliación do concepto de subemprego visible, que agora se sustitúe polo de subemprego por insuficiencia de horas, que recolle ademais ós que estén dispoñibles para traballar nas horas adicionais nas dúas semanas seguintes á de referencia, busquen ou non emprego. O concepto de emprego inadecuado asóciase coa formación do traballador, os ingresos e as condicións dese emprego, sempre que, por algún deses motivos, esté buscando outro, con independencia do número de hora que traballe.

Unha primeira aproximación á situación do mercado de traballo está recollida no **cadro 2.1.1.** que reflicte un descenso da taxa de desemprego (EPA), que se sitúa en 1999 en 16,2%, fronte ós 17,3% do ano anterior. En 1999, prodúcese un crecemento do emprego neto xa que o aumento da poboación ocupada en 23.800 persoas absorbe o incremento da poboación activa (13.400) e reduce en 10.400 persoas a poboación parada.

O terceiro apartado, adicado ós datos rexistrados polo **INEM**, recolle variables como o paro rexistrado, ofertas e demandas de emprego, colocacións rexistradas ou número de contratos de traballo rexistrados. Dos datos do INEM tírase un aumento dun 13,6% na demanda de emprego rexistrada, así como un crecemento dun 14,0% nas colocacións respecto a 1998. Do total das colocacións, o 70,9% correspondeu a persoas cun nivel primario de estudios e só unha mínima parte foi a persoas sen formación de ningún tipo.

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, dos 638.425 contratos asinados en 1999, o 5,4% dos mesmos corresponderon a contratos de duración indefinida, producíndose neste ano un crecemento neste tipo de contratos do 13,8% respecto ó ano anterior. Do conxunto de contratos, o 80,5% correpondeu a contratos por obra ou servicios, contratos eventuais segundo as circunstancias da producción ou contratos a tempo parcial.

Posteriormente, análizanse a situación das **empresas de traballo temporal** (ETT) en función do número de empresas e de contratos de posta a disposión, e o problema da **sinistralidade**. As fontes de información empregadas para esta análise son o informe da *Sinistralidade laboral en Galicia,* da Dirección Xeral de Relacións Laborais, e o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.

Respecto á sinistralidade, o número de accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada laboral ascendeu a 41.408, o

CADRO 2.1.1.

*Principais datos do mercado de traballo 1998-99*

| | | 1998 | | | 1999 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres (%) | Total |
| **Poboación total maior de 16 anos** | | 1.091,78 | 1.220,20 | 2.311,98 | 1.094,05 | 1.200,65 | 2.318,95 | 0,21 | -1,60 | 0,30 |
| **Poboación activa** | | 647,05 | 463,43 | 1.110,48 | 647,73 | 476,15 | 1.123,88 | 0,10 | 2,75 | 1,21 |
| **Poboación ocupada** | *(en miles de persoas)* | 562,65 | 355,20 | 917,85 | 573,83 | 367,83 | 941,68 | 1,99 | 3,55 | 2,60 |
| **Poboación parada** | | 84,40 | 108,20 | 192,60 | 73,85 | 108,33 | 182,20 | -12,50 | 0,12 | -5,40 |
| **Poboación inactiva** | | 439,52 | 756,77 | 1.196,29 | 438,20 | 749,53 | 1.187,73 | -0,30 | -0,96 | -0,72 |
| **Taxa de actividade** | *(%)* | 59,25 | 37,97 | 48,02 | 59,20 | 38,85 | 48,45 | -0,08 | 2,32 | 0,90 |
| **Taxa de paro** | *(%)* | 13,04 | 23,35 | 17,34 | 11,40 | 22,75 | 16,23 | -12,60 | -2,56 | -6,45 |
| **Paro rexistrado** | *(en miles de persoas)* | 68,94 | 87,60 | 156,54 | | | 139,08 | | | -11,16 |
| **Afiliados á Seguridade social** | *(en miles de persoas)* | | | 814,28 | | | 851,23 | | | 4,54 |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos do *IGE* e *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*

CADRO 2.1.2.

*Traballadores en alta laboral 1998-99 (1): distribución segundo rexímes*

*(en miles)*

| | 1998 | 1999 | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Total | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra |
| Rexime Xeral e da Mineria do Carbón | 534,2 | 569,3 | 242,4 | 62,4 | 62,0 | 202,6 |
| Réxime Especial Agrario | 83,4 | 79,2 | 26,7 | 27,8 | 10,1 | 14,6 |
| Réxime Especial Autónomo | 154,5 | 159,9 | 64,5 | 20,8 | 22,2 | 52,3 |
| Réxime Especial do Mar | 29,8 | 30,3 | 7,5 | 2,3 | - | 20,4 |
| Réxime Especial Empregados Fogar | 12,3 | 12,5 | 5,4 | 1,5 | 1,8 | 3,8 |
| **Total** | **814,3** | **851,2** | **346,7** | **114,8** | **96,1** | **293,6** |

(1) en medias anuais

Fonte: *IGE*

CADRO 2.1.3.

*Traballadores afiliados á Seguridade Social 1999: distribución segundo ramas da CNAE-93*

| | media 1999 | |
|---|---|---|
| | *(número)* | *(% / total)* |
| Actividades agrícolas | 84.609 | 9,9 |
| Pesca | 28.926 | 3,4 |
| Minería enrxética | 289 | 0,0 |
| Minería non enerxética | 5.989 | 0,7 |
| Alimentación | 23.106 | 2,7 |
| Téxtil, confección e coiro | 19.688 | 2,3 |
| Madeira | 13.184 | 1,5 |
| Papel e edición | 6.178 | 0,7 |
| Refinado do petróleo | 576 | 0,1 |
| Química | 3.069 | 0,4 |
| Caucho e plástico | 3.075 | 0,4 |
| Productos minerais non metálicos | 12.287 | 1,4 |
| Metalurxia e productos metálicos | 17.633 | 2,1 |
| Maquinaria | 5.298 | 0,6 |
| Material eléctrico e óptico | 6.888 | 0,8 |
| Material de transporte | 23.988 | 2,8 |
| Fabricación de mobles | 6.348 | 0,7 |
| Reciclaxe | 245 | 0,0 |
| Electricidade, gas, auga | 5.165 | 0,6 |
| Construcción | 97.866 | 11,5 |
| Venda e reparación vehículos, gasolineiras | 23.318 | 2,7 |
| Comercio | 133.244 | 15,7 |
| Hostalería | 48.801 | 5,7 |
| Transporte e viaxes | 36.711 | 4,3 |
| Correos, banca, e outros servicios | 80.715 | 9,5 |
| Administración, educación, sanidade e outros | 118.604 | 13,9 |
| Fogares e outros | 45.438 | 5,3 |
| **Total** | **851.238** | **100** |

Fonte: *IGE*

que significa un incremento do 13,1% respecto ó ano anterior. Por provincias, Pontevedra foi a provincia que maior número de accidentes rexistrou, con 17.524 sinistros e un crecemento do 15,2%, seguida de A Coruña, con 16.003, un 14,3% máis que en 1998.

Aumenta o índice de incidencia en Galicia pasando do 55,5 en 1998 ata o 60,3 de 1999. En España este índice segue a mesma tendencia, pasando de 67,0 ata o 72,8 de 1999.

Finalmente, preséntanse unha serie de cuestións relacionadas coas **relacións laborais**, como son a negociación colectiva, a regulación de emprego, a conflictividade laboral ou os custos laborais. Para esta análise tense en conta os datos facilitados pola Dirección Xeral de Rela-

cións Laborais, o Consello Galego de Relacións Laborais, o Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales na súa *Encuesta de coyuntura laboral* e o INE na *Encuesta de salarios en la industria y servicios*.

## Datos da Seguridade Social

A afiliación á Seguridade Social no ano 1999, **cadro 2.1.2.**, experimentou un crecemento do 4,5% respecto ó ano anterior (preto de 37 mil afiliacións máis), para acada-los 851,2 miles de persoas.

Atendendo á súa distribución por rexímes, aumentan todos agás o réxime especial agrario, no que o seu número de afiliacións diminúe desde 83,4 a 79,2 miles de persoas. A meirande parte destas afiliacións corresponde ó grupo do réxime xeral, que acolle ó 66,9% do total de afiliacións, seguido do réxime especial de autónomos, cun 18,8% das mesmas.

O incremento de traballadores en alta laboral no réxime xeral entre os anos 98 e 99 foi do 6,6% (35,1 miles de persoas), un punto superior ó experimentado pola poboación asalariada no mesmo período (5,6%).

As catro provincias galegas presentan un aumento no número de afiliacións. A provincia de A Coruña é a que rexistra o maior número de afiliados, con 346,7 miles de persoas, un 4,9% máis que no ano anterior, seguida de Pontevedra, con 293,6 miles de traballadores afiliados en alta laboral (un 5,0% superior ó existente o ano anterior). Nas provincias de Lugo e Ourense, houbo un total de 114,8 e 96,1 miles de afiliados, un 3,4% e 3,2%, respectivamente, superior ós do ano anterior.

Atendendo á súa desagregación por ramas de actividade, o **cadro 2.1.3.** amosa como en 1999 o sector servicios en Galicia supera o 57% das afiliacións (486.831 traballadores afiliados en alta laboral), seguido do conxunto de actividades industriais, que acolle ó 18% das afiliacións (153.006 traballadores). O sector primario ten 113.535 traballadores afiliados en alta laboral (13,3%), en tanto que as afiliacións do sector da construcción ascenden a 97.866 (11,5%).

No caso das actividades industriais salientan os subsectores do material de transporte e o da alimentación, con 2,8% e 2,7%, respectivamente. Nos servicios, o subsector comercio acolle o 15,7% e o da administración, educación, sanidade e outros, o 13,9%.

## Datos EPA

Tendo en conta os cambios metodolóxicos comentados, que relativizan as comparacións interanuais, de seguido analízase a información recollida na EPA.

• ***Taxa de actividade.-***

A taxa de actividade de Galicia rompe a tendencia á baixa dos últimos anos, aumentando en 1999 desde o 48,02 do ano 1998 ata o 48,45 de 1999. A diferencia do acontecido no ano anterior, en 1999 prodúcese un aumento da taxa de actividade feminina, que pasa do 37,97% ata o 38,85%, fronte ó mínimo descenso (0,05 puntos porcentuais) no caso dos homes, dos que a súa taxa pasa do 59,25% ata o 59,20% do ano 1999. Non obstante, a pesares desta evolución, aínda hai unha diferencia de 20 puntos.

Atendendo á desagregación por grupos de idades, o **cadro 2.1.4.** amosa un descenso da taxa de actividade no grupo de persoas de máis de 55 anos, tanto no caso dos homes como das mulleres, e tamen un descenso da mesma no grupo das persoas de menos de 19 anos, pero tan só no caso dos homes.

Como aspecto positivo, en 1999, a diferencia do acontecido no ano anterior, prodúce-

CADRO 2.1.4.

***Taxas de actividade 1998-99***

| | | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|---|
| **Homes** | | | | |
| | **16-19** | 26,17 | 22,33 | -14,7 |
| | **20-24** | 59,05 | 59,03 | 0,0 |
| | **25-54** | 90,45 | 91,10 | 0,7 |
| | **55 e máis** | 24,32 | 22,43 | -7,8 |
| | **Total** | **59,25** | **59,20** | **-0,1** |
| **Mulleres** | | | | |
| | **16-19** | 12,55 | 13,10 | 4,4 |
| | **20-24** | 45,60 | 49,18 | 7,8 |
| | **25-54** | 64,15 | 65,38 | 1,9 |
| | **55 e máis** | 12,65 | 12,30 | -2,8 |
| | **Total** | **37,97** | **38,85** | **2,3** |
| **Ambolos dous sexos** | | | | |
| | **16-19** | 19,72 | 17,75 | -10,0 |
| | **20-24** | 52,45 | 54,18 | 3,3 |
| | **25-54** | 77,10 | 78,00 | 1,2 |
| | **55 e máis** | 17,65 | 16,60 | -5,9 |
| | **Total** | **48,02** | **48,45** | **0,9** |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

GRÁFICO 2.1.1.

***Taxas de actividade 1994-99***




Fonte: *IGE*

CADRO 2.1.5.

*Poboación ocupada 1998-99: distribución segundo sexo e grupos de idade*

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| **Homes** | (en miles de persoas) | | (%) |
| 16-19 | 15,1 | 12,8 | -15,1 |
| 20-24 | 51,2 | 49,3 | -3,8 |
| 25-54 | 412,2 | 433,9 | 5,3 |
| 55-e máis | 84,0 | 78,0 | -7,2 |
| **Total** | **562,6** | **573,9** | **2,0** |
| **Mulleres** | | | |
| 16-19 | 5,2 | 5,5 | 5,3 |
| 20-24 | 28,0 | 28,8 | 2,9 |
| 25-54 | 261,3 | 275,0 | 5,2 |
| 55-e máis | 60,5 | 58,5 | -3,4 |
| **Total** | **355,2** | **367,8** | **3,6** |
| **Ambolos dous sexos** | | | |
| 16-19 | 20,4 | 18,3 | -10,3 |
| 20-24 | 79,3 | 78,1 | -1,5 |
| 25-54 | 673,5 | 708,9 | 5,3 |
| 55-e máis | 144,6 | 136,4 | -5,7 |
| **Total** | **917,8** | **941,7** | **2,6** |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

se o aumento da taxa de actividade das mulleres con idades comprendidas entre os 16 e 19 anos e entre 20 e 24 anos, que acadan o 13,10% e o 49,18%, respectivamente.

***• Poboación ocupada.-***

Os resultados da EPA amosan unha evolución positiva da ocupación en Galicia que aumentou un 2,6% en relación ó ano anterior para situarse o nivel medio de ocupación de 1999 en 941,7 miles de persoas, o que significa un aumento de 23,9 miles de persoas.

Desde o punto de vista da súa distribución por sexo e idade, o **cadro 2.1.5.** amosa que o aumento da poboación ocupada produciuse tan só no caso das persoas pertencentes ó intervalo de 25-54 anos, que acolle a 708,9 miles de persoas fronte ás 673,5 miles de persoas do ano anterior. Esta mesma tendencia dase no caso dos homes, en tanto que no caso das mulleres, a poboación ocupada aumenta en tódolos intervalos agás no de 55 e máis anos.

Desde o punto de vista da súa distribución sectorial, **cadro 2.1.6.**, a poboación ocupada amosou un comportamento similar ó dos últimos anos, caracterizado pola coexistencia de descensos no sector primario –aínda que cada vez máis reducidos– con aumentos nos sectores non primarios considerados no seu conxunto. Neste senso, o sectores primario viu reducida a súa poboación ocupada nun 4,7% respecto ó ano anterior, en tanto que os sectores non primarios aumentaron nun 4,4%.

O sector primario pechou 1999 cun descenso de 8,6 miles de persoas no seu volume de ocupación, que representa un descenso do 4,7% en termos relativos, por debaixo do descenso rexistrado en 1998, que foi do 7,6%. Este menor descenso da poboación ocupada no sec-

CADRO 2.1.6.

**Poboación ocupada 1998-99: distribución segundo sectores económicos**

| | 1998 | | | 1999 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | | | | (en miles de persoas) | | | | (%) | |
| **A Coruña** | 225,3 | 137,6 | 362,9 | 232,2 | 148,0 | 380,2 | 3,1 | 7,5 | 4,8 |
| **Agricultura** | 19,2 | 27,9 | 47,0 | 15,7 | 25,7 | 41,4 | -18,4 | -7,9 | -11,9 |
| **Pesca** | 9,8 | 0,2 | 10,0 | 12,4 | 1,6 | 14,0 | 26,8 | 700,0 | 40,3 |
| **Industria** | 44,9 | 18,8 | 63,7 | 48,7 | 19,6 | 68,3 | 8,5 | 4,1 | 7,2 |
| **Construcción** | 42,5 | 1,3 | 43,8 | 42,2 | 1,7 | 43,9 | -0,6 | 32,7 | 0,3 |
| **Servicios** | 108,8 | 89,6 | 198,4 | 113,2 | 99,4 | 212,6 | 4,0 | 10,9 | 7,1 |
| **Lugo** | 79,2 | 52,6 | 131,8 | 80,8 | 51,4 | 132,2 | 2,1 | -2,3 | 0,3 |
| **Agricultura** | 29,8 | 24,4 | 54,2 | 26,1 | 23,3 | 49,5 | -12,3 | -4,4 | -8,7 |
| **Pesca** | 2,2 | 0,2 | 2,4 | 2,8 | 0,2 | 3,0 | 28,4 | 0,0 | 24,0 |
| **Industria** | 10,3 | 1,6 | 11,9 | 9,9 | 2,1 | 12,0 | -3,6 | 28,1 | 0,6 |
| **Construcción** | 9,8 | 0,2 | 10,0 | 11,2 | 0,5 | 11,7 | 14,3 | 127,3 | 16,8 |
| **Servicios** | 27,1 | 26,1 | 53,2 | 30,7 | 25,4 | 56,1 | 13,3 | -2,7 | 5,5 |
| **Ourense** | 67,2 | 46,2 | 113,4 | 64,2 | 44,9 | 109,1 | -4,5 | -2,8 | -3,8 |
| **Agricultura** | 7,6 | 12,2 | 19,8 | 6,4 | 8,4 | 14,8 | -15,8 | -30,9 | -25,3 |
| **Pesca** | - | - | - | | | | | | |
| **Industria** | 14,6 | 3,7 | 18,3 | 14,5 | 4,9 | 19,4 | -0,5 | 32,4 | 6,1 |
| **Construcción** | 13,6 | 0,2 | 13,8 | 13,0 | 0,2 | 13,3 | -4,2 | 12,5 | -3,8 |
| **Servicios** | 31,4 | 30,0 | 61,4 | 30,3 | 31,3 | 61,6 | -3,7 | 4,4 | 0,2 |
| | | - | | | | | | | |
| **Pontevedra** | 190,9 | 118,9 | 309,8 | 196,7 | 123,6 | 320,2 | 3,0 | 3,9 | 3,4 |
| **Agricultura** | 10,7 | 20,9 | 31,6 | 11,6 | 22,0 | 33,6 | 8,4 | 5,1 | 6,3 |
| **Pesca** | 12,5 | 4,2 | 16,6 | 12,6 | 4,2 | 16,8 | 0,6 | 0,0 | 1,1 |
| **Industria** | 53,0 | 15,6 | 68,6 | 52,9 | 16,5 | 69,3 | -0,3 | 5,6 | 1,1 |
| **Construcción** | 30,1 | 0,4 | 30,4 | 35,1 | 0,9 | 36,0 | 16,6 | 118,8 | 18,3 |
| **Servicios** | 84,6 | 77,9 | 162,5 | 84,5 | 80,1 | 164,6 | -0,1 | 2,8 | 1,3 |
| **Total** | 562,6 | 355,2 | 917,8 | 573,9 | 367,8 | 941,7 | 2,0 | 3,6 | 2,6 |
| **Agricultura** | 67,3 | 85,3 | 152,6 | 59,8 | 79,4 | 139,3 | -11,1 | -6,9 | -8,7 |
| **Pesca** | 24,5 | 4,6 | 29,1 | 27,8 | 5,9 | 33,8 | 13,6 | 29,6 | 16,1 |
| **Industria** | 122,8 | 39,7 | 162,5 | 126,0 | 43,0 | 169,0 | 2,6 | 8,2 | 4,0 |
| **Construcción** | 96,0 | 2,1 | 98,1 | 101,6 | 3,3 | 104,9 | 5,8 | 58,3 | 7,0 |
| **Servicios** | 251,9 | 223,6 | 475,5 | 258,6 | 236,2 | 494,8 | 2,6 | 5,6 | 4,1 |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

tor primario ven explicado non só polo mellor comportamento da agricultura en relación ós anos anteriores, senón tamén polo incremento da poboación ocupada na pesca (16,1% respecto ó ano anterior).

No que ós sectores non primarios se refire, o emprego total aumentou en cerca de 32,5 miles de persoas en 1999 (4,4%), destacando o comportamento dos servicios, que presentan un crecemento de 19,3 miles de persoas (4,1%). A creación de emprego tamén repuntou no sector da construcción, que aumentou en 6,8 miles de persoas (6,9%), e na industria, en 6,5 miles de ocupados (4,0%).

Nunha análise provincial, A Coruña é a provincia que experimenta o maior crecemento da poboación ocupada, ó crecer un total de 17,3 miles de ocupados (o 4,8%) respecto ó ano anterior, dos que 14,2 miles de ocupados pertencen ó sector servicios. Pola contra, en Ourense, a poboación ocupada descende 4,3 miles de ocupados (un 3,8%) por mor do descenso da poboación ocupada na agricultura (5,0 miles de persoas) e na construcción (0,5 miles de ocupados). No ano 1999, continúa o proceso de concentración da poboación ocupada nas provincias de A Coruña e Pontevedra, que acolleron ó 74,4% da poboación ocupada total, fronte ó 73,3% do ano anterior.

En relación á análise da poboación ocupada por sectores e a súa diferenciación por sexos, a muller representou en torno ó 39% da poboación ocupada en 1999, fronte ó 38,7% do ano anterior. O peso relativo da muller segue a ser predominante no caso da agricultura, onde representa en 1999 o 57% da poboación ocupada nese sector económico, fronte á escasa importancia relativa nos casos da construcción, sector no que significa o 3,1% da poboación ocupada. No caso dos servicios, o peso relativo é do 47,7% e nos casos da pesca e da industria, do 17,4% e o 25,4%, respectivamente.

Atendendo ás taxas de crecemento respecto ó ano anterior, a poboación ocupada feminina experimentou un maior crecemento en tódolos sectores agás na agricultura, onde o descenso sofrido é inferior ó dos homes.

En termos absolutos, a poboación ocupada feminina experimentou un crecemento de 12,6 miles de persoas, fronte ós 11,3 miles no caso dos homes. En canto ós sectores, a poboación feminina ocupada nos servicios experimenta o mesmo aumento de 12,6 miles de ocupadas, mentras que os aumentos dos sectores da pesca, construcción e industria son compensados polo descenso da poboación ocupada feminina na agricultura (5,9 miles de persoas). O sector servicios e a industria presentan un maior crecemento da ocupación feminina que masculina, mentres que a agricultura rexistra un menor descenso da ocupación das mulleres que dos homes.

Segundo a situación profesional dos ocupados, o 67,6% do total da poboación ocupada correspondeu ós asalariados (636,6 miles de ocupados), que aumentaron un 5,6% (34,0 miles) respecto a 1998, cando a súa importancia relativa era do 65,7% da poboación ocupada. O maior número de asalariados concéntrase na provincia de A Coruña (o 71,5% respecto á poboación ocupada na provincia, e o 42,7% repecto á poboación ocupada asalariada total galega), onde o crecemento do número de asalariados respecto ó ano anterior foi do 6,6%. A provincia de Lugo foi a que experimentou o maior crecemento, cun 13,7% respecto a 1998.

O número total de empresarios (con e sen asalariados) permanece practicamente constante, co que descende o seu peso relativo no total da poboación ocupada galega, ó pasar do 27,0% de 1998 ós 26,3% de 1999. Atendendo á súa desagregación por provincias, o **cadro 2.1.7.** reflicte que as provincias de A Coruña e Pontevedra ven aumenta-lo seu número de empresarios (un 3,4% e un 5,8%, respectiva-

CADRO 2.1.7.

### Poboación ocupada 1998-99: distribución segundo situación profesional

| | 1998 | | | 1999 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total (en miles de persoas) | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres (%) | Total |
| **A Coruña** | 225,3 | 137,6 | 362,9 | 232,2 | 148,0 | 380,2 | 3,1 | 7,5 | 4,8 |
| **Empresarios sen asalariados** | 39,6 | 28,8 | 68,4 | 38,6 | 31,3 | 69,9 | -2,5 | 8,5 | 2,2 |
| **Empresarios con asalariados** | 15,7 | 3,3 | 19,0 | 16,6 | 3,9 | 20,5 | 5,4 | 18,2 | 7,8 |
| **Axudas familiares** | 4,2 | 15,0 | 19,2 | 4,0 | 12,5 | 16,5 | -6,0 | -16,7 | -14,2 |
| **Asalariados** | 165,4 | 89,8 | 255,2 | 172,5 | 99,5 | 272,0 | 4,3 | 10,7 | 6,6 |
| **Outros** (1) | 0,4 | 0,5 | 0,9 | 0,6 | 0,9 | 1,5 | 56,3 | 70,0 | 63,9 |
| **Lugo** | 79,2 | 52,6 | 131,8 | 80,8 | 51,4 | 132,2 | 2,1 | -2,3 | 0,3 |
| **Empresarios sen asalariados** | 28,0 | 14,3 | 42,3 | 21,9 | 13,8 | 35,6 | -22,0 | -3,5 | -15,8 |
| **Empresarios con asalariados** | 4,5 | 1,0 | 5,5 | 6,6 | 2,7 | 9,2 | 46,7 | 165,0 | 67,7 |
| **Axudas familiares** | 9,0 | 15,6 | 24,6 | 7,6 | 12,5 | 20,0 | -16,1 | -20,0 | -18,7 |
| **Asalariados** | 36,7 | 21,4 | 58,1 | 43,9 | 22,1 | 66,0 | 19,6 | 3,4 | 13,7 |
| **Outros** (1) | 0,9 | 0,2 | 1,1 | 0,9 | 0,5 | 1,3 | 0,0 | 125,0 | 20,5 |
| **Ourense** | 67,2 | 46,2 | 113,4 | 64,2 | 44,9 | 109,1 | -4,5 | -2,8 | -3,8 |
| **Empresarios sen asalariados** | 14,8 | 12,5 | 27,3 | 14,6 | 10,4 | 25,0 | -1,7 | -16,8 | -8,6 |
| **Empresarios con asalariados** | 8,1 | 1,8 | 10,0 | 6,5 | 1,8 | 8,2 | -20,4 | 0,0 | -17,8 |
| **Axudas familiares** | 1,6 | 3,0 | 4,6 | 0,6 | 1,4 | 2,0 | -62,5 | -53,3 | -56,5 |
| **Asalariados** | 42,1 | 28,1 | 70,2 | 42,2 | 31,0 | 73,2 | 0,1 | 10,2 | 4,2 |
| **Outros** (1) | 0,6 | 0,5 | 1,1 | 0,4 | 0,5 | 0,8 | -29,2 | -6,7 | -33,0 |
| **Pontevedra** | 190,9 | 118,9 | 309,8 | 196,7 | 123,6 | 320,2 | 3,0 | 3,9 | 3,4 |
| **Empresarios sen asalariados** | 33,3 | 27,3 | 60,6 | 30,3 | 31,0 | 61,3 | -8,9 | 13,6 | 1,2 |
| **Empresarios con asalariados** | 10,9 | 3,8 | 14,7 | 14,7 | 3,6 | 18,4 | 35,1 | -5,3 | 24,8 |
| **Axudas familiares** | 3,5 | 9,8 | 13,3 | 3,7 | 9,0 | 12,7 | 5,0 | -8,4 | -4,7 |
| **Asalariados** | 142,5 | 76,5 | 219,0 | 147,3 | 78,2 | 225,6 | 3,4 | 2,2 | 3,0 |
| **Outros** (1) | 0,6 | 1,5 | 2,1 | 0,6 | 1,8 | 2,3 | -4,2 | 16,7 | 9,5 |
| **Total** | 562,6 | 355,2 | 917,8 | 573,9 | 367,8 | 941,7 | 2,0 | 3,6 | 2,6 |
| **Empresarios sen asalariados** | 115,7 | 83,1 | 198,8 | 105,3 | 86,5 | 191,8 | -9,0 | 4,1 | -3,5 |
| **Empresarios con asalariados** | 39,2 | 10,0 | 49,2 | 44,3 | 11,9 | 56,3 | 13,1 | 19,0 | 14,4 |
| **Axudas familiares** | 18,4 | 43,4 | 61,8 | 15,8 | 35,3 | 51,1 | -14,1 | -18,6 | -17,3 |
| **Asalariados** | 386,7 | 215,9 | 602,6 | 405,9 | 230,7 | 636,6 | 5,0 | 6,9 | 5,6 |
| **Outros** (1) | 2,5 | 2,9 | 5,4 | 2,5 | 3,4 | 5,9 | 0,2 | 16,0 | 8,8 |

(1) en outros inclúense os membros de cooperativas

Fonte: *IGE*, *Enquisa de Poboación Activa*

CADRO 2.1.8.

*Poboación ocupada 1998-99: distribución segundo nivel de estudios*

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | (en miles de persoas) | | (%) |
| **A Coruña** | | | |
| Analfabetos e sen estudios | 23,4 | 16,9 | -27,8 |
| 1º grao | 131,6 | 128,9 | -2,0 |
| 2º grao | 159,8 | 178,3 | 11,6 |
| 3º grao | 48,3 | 56,1 | 16,3 |
| **Lugo** | | | |
| Analfabetos e sen estudios | 27,4 | 20,7 | -24,5 |
| 1º grao | 41,6 | 37,5 | -9,7 |
| 2º grao | 50,9 | 60,1 | 18,2 |
| 3º grao | 12,0 | 13,9 | 15,8 |
| **Ourense** | | | |
| Analfabetos e sen estudios | 8,6 | 8,1 | -6,1 |
| 1º grao | 46,3 | 41,4 | -10,5 |
| 2º grao | 42,6 | 43,4 | 1,9 |
| 3º grao | 15,8 | 16,2 | 2,2 |
| **Pontevedra** | | | |
| Analfabetos e sen estudios | 11,1 | 13,7 | 24,2 |
| 1º grao | 104,4 | 101,6 | -2,7 |
| 2º grao | 155,6 | 162,3 | 4,3 |
| 3º grao | 38,8 | 42,6 | 9,8 |
| **Total** | | | |
| Analfabetos e sen estudios | 70,5 | 59,4 | -15,7 |
| 1º grao | 323,7 | 309,4 | -4,4 |
| 2º grao | 408,9 | 444,2 | 8,6 |
| 3º grao | 114,9 | 128,8 | 12,1 |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

mente) en tanto que en Lugo e Ourense o descenso experimentado foi do 6,3% e 11,0%, repectivamente.

O número de empresarios sen asalariados, descendeu un 3,5% (7,0 miles de persoas) en relación a 1998, sendo a súa importancia relativa no total da ocupación galega do 20,4%, segundo os datos sobre a situación profesional recollidos no **cadro 2.1.7.** Atendendo á súa desagregación provincial, aumenta o número de empresarios nas provincias de A Coruña e Pontevedra (un 2,2% e un 1,2%, respectivamente), en tanto que nas outras dúas provincias descende de forma significativa: un 15,8% na provincia de Lugo e un 8,6% na de Ourense.

Respecto ó número de empresarios con asalariados, éste aumentou un 14,4% respecto ó ano anterior, representanto o 6,0% do total da poboación ocupada galega. A diferencia do que acontece no caso dos empresariso sen asalariados, a provincia de Ourense é a única que sofre un descenso no número de empresarios (17,8% respecto ó ano anterior).

As axudas familiares descenden un 17,3% respecto ó ano anterior, producíndose este descenso en tódalas provincias. Ó igual que no ano anterior, as provincias de Ourense e Lugo sofren unha caída superior á galega (56,5% e 18,7%, respectivamente).

Atendendo á análise da poboación ocupada por situación profesional e á súa diferenciación por sexos, salienta o aumento no número de mulleres empresarias (5,3 miles de empresarias) fronte ó descenso do número de empresarios na mesma cantidade. Ademais, as mulleres representan o 69,1% das axudas familiares en 1999, 1,1 puntos porcentuais menos que en 1998.

Este estudio da poboación ocupada remata atendendo á relación que existe entre a mesma e o nivel de estudios terminados. En

CADRO 2.1.9.

*Poboación parada 1998-99: distribución segundo sectores económicos*

| | 1998 | | | 1999 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **A Coruña** | 35,9 | 35,6 | 71,5 | 29,5 | 37,1 | 66,6 | -18,0 | 4,3 | -6,9 |
| Agricultura e Pesca | 1,1 | 0,2 | 1,3 | 0,9 | 0,4 | 1,2 | -18,2 | 87,5 | -5,8 |
| Industria e Construcción | 9,5 | 2,2 | 11,7 | 8,9 | 2,7 | 11,5 | -6,8 | 21,6 | -1,5 |
| Servicios | 9,5 | 13,4 | 22,9 | 8,8 | 11,5 | 20,2 | -7,6 | -14,6 | -11,7 |
| Que buscan 1º emprego | 8,0 | 10,4 | 18,4 | 5,5 | 14,7 | 20,1 | -31,9 | 41,1 | 9,2 |
| Non clasificables | 7,8 | 9,4 | 17,2 | 5,5 | 8,0 | 13,5 | -29,8 | -14,9 | -21,8 |
| **Lugo** | 9,6 | 11,8 | 21,4 | 7,9 | 12,7 | 20,7 | -17,4 | 7,6 | -3,5 |
| Agricultura e Pesca | 0,7 | 0,2 | 0,9 | 0,7 | 0,7 | 0,9 | 0,0 | 225,0 | 3,7 |
| Industria e Construcción | 3,4 | 0,4 | 3,8 | 2,8 | 0,6 | 3,4 | -19,1 | 56,3 | -11,2 |
| Servicios | 2,6 | 3,8 | 6,4 | 1,7 | 5,2 | 6,9 | -34,6 | 36,8 | 7,8 |
| Que buscan 1º emprego | 1,3 | 4,2 | 5,4 | 2,1 | 4,6 | 6,7 | 63,5 | 9,5 | 24,5 |
| Non clasificables | 1,7 | 3,2 | 4,9 | 0,9 | 1,9 | 2,8 | -50,0 | -39,8 | -43,4 |
| **Ourense** | 12,4 | 13,7 | 26,1 | 12,4 | 15,5 | 27,9 | 0,0 | 13,1 | 6,9 |
| Agricultura e Pesca | 0,4 | - | 0,4 | 1,1 | 0,5 | 1,7 | 175,0 | - | 312,5 |
| Industria e Construcción | 3,9 | 0,9 | 4,8 | 3,7 | 0,7 | 4,3 | -6,4 | -27,8 | -10,4 |
| Servicios | 2,7 | 3,9 | 6,6 | 3,3 | 3,7 | 7,0 | 20,4 | -5,1 | 6,1 |
| Que buscan 1º emprego | 2,5 | 4,6 | 7,1 | 1,6 | 5,7 | 7,2 | -38,0 | 22,8 | 1,4 |
| Non clasificables | 2,9 | 4,3 | 7,2 | 2,8 | 5,0 | 7,8 | -3,4 | 15,7 | 7,6 |
| **Pontevedra** | 26,6 | 47,2 | 73,7 | 24,1 | 43,0 | 67,1 | -9,5 | -8,9 | -9,0 |
| Agricultura e Pesca | 1,4 | 0,1 | 1,5 | 1,5 | 0,3 | 1,7 | 7,1 | 233,3 | 13,3 |
| Industria e Construcción | 9,2 | 3,8 | 13,0 | 7,2 | 3,9 | 11,0 | -22,0 | 1,3 | -15,4 |
| Servicios | 6,6 | 14,7 | 21,3 | 6,0 | 12,9 | 19,0 | -8,7 | -12,1 | -11,0 |
| Que buscan 1º emprego | 4,5 | 14,6 | 19,1 | 4,6 | 14,9 | 19,5 | 2,2 | 2,1 | 1,8 |
| Non clasificables | 4,9 | 14,0 | 18,9 | 4,8 | 11,2 | 16,0 | -2,0 | -20,4 | -15,6 |
| **Total** | **84,4** | **108,2** | **192,6** | **73,9** | **108,3** | **182,2** | **-12,5** | **0,1** | **-5,4** |
| **Agricultura e Pesca** | **3,6** | **0,5** | **4,1** | **4,0** | **1,5** | **5,5** | **11,1** | **195,0** | **34,1** |
| **Industria e Construcción** | **25,8** | **7,4** | **33,2** | **22,4** | **7,8** | **30,2** | **-13,1** | **4,7** | **-9,1** |
| **Servicios** | **21,4** | **35,7** | **57,1** | **19,8** | **33,3** | **53,0** | **-7,6** | **-6,9** | **-7,1** |
| **Que buscan 1º emprego** | **16,3** | **33,7** | **50,1** | **13,7** | **39,8** | **53,5** | **-15,8** | **18,1** | **6,8** |
| **Non clasificables** | **17,3** | **30,8** | **48,2** | **13,9** | **26,0** | **40,0** | **-19,7** | **-15,5** | **-17,1** |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

1999, continúa o proceso do incremento da cualificación e adaptación técnica dos traballadores. Un 60,8% da poboación ocupada corresponde a persoas cun nivel de estudios de 2 ou 3 grao, fronte ó 57,1% no ano anterior (**cadro 2.1.8.**).

***• Poboación parada.-***

A poboación parada estimada pola EPA, formada por aqueles que están en idade e condicións de traballar, queren facelo pero non atopan emprego, continuou o seu descenso en 1999. O descenso foi do 5,4% para situarse nos 182,2 miles de persoas, fronte ós 192,6 miles de persoas do ano anterior (**cadro 2.1.9.**).

Malia este descenso xeral, a poboación parada aumenta na provincia de Ourense, ó igual que aconteceu no ano 1998: a poboación parada ourensá pasa de representa-lo 13,6% do total da poboación parada galega en 1998 ó 15,3% no ano 1999.

O número de persoas paradas que están á procura do seu primeiro emprego ascendeu un 6,8% (3.400 persoas) respecto ó ano anterior, sendo o seu peso relativo no conxunto da poboación parada de 29,4%, fronte ó 26,0% do ano anterior. Atendendo á súa evolución provincial, este incremento prodúcese en tódalas provincias, sendo especialmente significativo nas provincias de A Coruña (1,7 miles de persoas ou un 9,2%) e Lugo (1,3 miles de persoas, 24,5%).

Outro 22,0% dos parados atópase en situación "non clasificables", que recolle tanto ás persoas que, ó deixa-lo seu emprego hai máis de tres anos, son parados de moi longa duración como ás que non declararon a actividade do último emprego. Comparado coa situación do ano anterior, o seu peso relativo descende desde o 25,0% do ano 1998 ata o xa mencionado 22,0%.

Considerando os distintos sectores económicos, o **cadro 2.1.9.** reflicte que a poboación parada pertencente ós sectores non primarios descende en 7,1 miles de persoas (7,9%) en tanto que as ramas primarias (agricultura e pesca) ven aumenta-lo número de parados en 1,4 miles de persoas (34,1%) respecto ó ano anterior. Atendendo á desagregación provincial, o devandito cadro amosa que na provincia de A Coruña, ó contrario do que acontece a nivel galego, diminúe lixeiramente o número de parados no sector primario, en tanto que as provincias de Lugo e Ourense experimentan un aumento da poboación parada no sector dos servicios.

O aspecto máis importante á hora de analiza-la poboación parada de Galicia é a súa composición en canto ó tempo de espera transcorrido antes de atopar un emprego. Así, o **cadro 2.1.10.** reflicte que o número de persoas paradas de longa duración (máis dun ano) representa o 55,6% da poboación desempregada total e que o 31,5% da poboación parada galega leva máis de tres anos en paro. Comparado co ano anterior, o total de parados de longa duración descende en 14,5 miles de persoas (12,5%) mentres que os que levan máis de 3 anos en paro descenden 2,4 miles de persoas (4,0%).

Atendendo á súa desagregación por sexos, a poboación parada feminina non só representa unha maior porcentaxe da poboación parada galega (59,4% en 1999 fronte ós 56,2% do ano anterior) senón que aumenta lixeiramente, pasando de 108,2 miles de persoas en 1998 ós 108,3 de 1999. O número de desempregados de longa duración ascendeu a 66,2 miles de persoas no caso das mulleres e de 35,2 miles de parados no caso dos homes, fronte ós 71,4 e 44,6 miles no ano anterior.

En termos relativos, no ano 99 aumenta a importancia relativa das mulleres paradas de longa duración no total de parados de máis de

CADRO 2.1.10.

*Poboación parada 1998-99: distribución segundo o tempo de procura de emprego*

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | *(en miles de persoas)* | *(% / total)* | *(en miles de persoas)* | *(% / total)* | *(en miles de persoas)* | *(% / total)* |
| **Homes** | | | | | | |
| menos de 6 meses | 25,9 | 30,7 | 24,0 | 32,5 | -7,1 | 6,1 |
| de 6 a 11 meses | 12,2 | 14,5 | 12,5 | 17,0 | 2,7 | 17,3 |
| de 1 a 2 anos | 16,8 | 19,9 | 11,2 | 15,1 | -33,3 | -24,0 |
| de 2 a 3 anos | 7,9 | 9,4 | 7,0 | 9,4 | -11,7 | 0,1 |
| máis de 3 anos | 19,9 | 23,6 | 17,0 | 23,0 | -14,6 | -2,7 |
| xa atopou traballo | 1,9 | 2,3 | 2,2 | 2,9 | 17,6 | 28,1 |
| Total | 84,4 | 100 | 73,9 | 100 | -12,5 | |
| **Mulleres** | | | | | | |
| menos de 6 meses | 22,1 | 20,4 | 24,1 | 22,2 | 8,9 | 8,8 |
| de 6 a 11 meses | 13,7 | 12,7 | 15,2 | 14,1 | 10,9 | 10,8 |
| de 1 a 2 anos | 19,6 | 18,1 | 15,5 | 14,3 | -20,9 | -21,0 |
| de 2 a 3 anos | 11,8 | 10,9 | 10,3 | 9,5 | -12,7 | -12,8 |
| máis de 3 anos | 40,0 | 37,0 | 40,4 | 37,3 | 1,1 | 1,0 |
| xa atopou traballo | 1,0 | 0,9 | 2,8 | 2,6 | 184,6 | 184,4 |
| Total | 108,2 | 100 | 108,3 | 100 | 0,1 | |
| **Ambolos dous sexos** | | | | | | |
| menos de 6 meses | 48,0 | 24,9 | 48,2 | 26,5 | 0,5 | 6,2 |
| de 6 a 11 meses | 25,9 | 13,4 | 27,8 | 15,2 | 7,1 | 13,3 |
| de 1 a 2 anos | 36,3 | 18,8 | 26,6 | 14,6 | -26,7 | -22,5 |
| de 2 a 3 anos | 19,7 | 10,2 | 17,3 | 9,5 | -12,2 | -7,2 |
| máis de 3 anos | 59,8 | 31,1 | 57,4 | 31,5 | -4,1 | 1,4 |
| xa atopou traballo | 2,8 | 1,5 | 5,0 | 2,7 | 76,8 | 86,9 |
| Total | 192,6 | 100 | 182,2 | 100 | -5,4 | |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

11 meses. En 1998 supuñan o 61,7% do total de parados de longa duración, pasando esta porcentaxe ó 65,4% no ano 1999.

• ***Taxa de paro.-***

A taxa de desemprego estimada pola EPA descendeu en Galicia en 1999, acadando un valor de 16,2% fronte ós 17,3% do ano anterior. As provincias de Ourense e Pontevedra presentan unha taxa de paro superior á existente no conxunto de Galicia (20,4% e 17,3%, respectivamente), caracterizándose a provincia de Ourense por experimentar un aumento da mesma, pasando do 18,7% de 1998 ós 20,4% do ano 1999.

Atendendo á súa desagregación sectorial, o **cadro 2.1.11.** reflicte un descenso en tódolos sectores agás o subsector da agricultura, onde a taxa de paro aumenta desde o 1,4% de 1998 ata os 2,6% do ano 1999. As maiores taxas rexístranse no sector da construcción, que experimenta unha taxa de desemprego de 11,2%. Os servicios e a industria presentan unhas taxas de 9,7% e 9,1%, respectivamente.

• ***Poboación inactiva.-***

Para remata-la primeira parte da análise da situación do mercado de traballo, a partir dos datos da Enquisa de Poboación Activa, cómpre salientar que en 1999 se racha o ritmo de crecemento da poboación inactiva, ó descender un 0,7% respecto ó ano anterior. A poboación inactiva acada en 1999 os 1.187,7 miles de persoas, das que 749,5 miles de persoas (o 63,1% do total da poboación inactiva) son mulleres (**cadro 2.1.1.**).

O descenso da poboación inactiva centrouse no comportamento da poboación adicada

CADRO 2.1.11.

*Taxa de paro 1998-99: distribución segundo sectores económicos*

| | 1998 | 1999 |
|---|---|---|
| **A Coruña** | 16,4 | 14,9 |
| Agricultura | 1,2 | 1,6 |
| Pesca | 6,5 | 4,2 |
| Industria | 8,5 | 8,2 |
| Construcción | 11,6 | 10,9 |
| Servicios | 10,3 | 8,7 |
| **Lugo** | 13,9 | 13,5 |
| Agricultura | 1,0 | 1,3 |
| Pesca | 11,2 | 11,9 |
| Industria | 13,2 | 11,1 |
| Construcción | 16,1 | 14,0 |
| Servicios | 10,7 | 10,9 |
| **Ourense** | 18,7 | 20,4 |
| Agricultura | 2,2 | 10,1 |
| Pesca | - | |
| Industria | 11,4 | 11,1 |
| Construcción | 14,8 | 12,8 |
| Servicios | 9,7 | 10,2 |
| **Pontevedra** | 19,2 | 17,3 |
| Agricultura | 1,7 | 2,4 |
| Pesca | 5,1 | 5,0 |
| Industria | 10,5 | 9,1 |
| Construcción | 14,2 | 10,1 |
| Servicios | 11,6 | 10,3 |
| **Total** | 17,3 | 16,2 |
| Agricultura | 1,4 | 2,6 |
| Pesca | 6,1 | 4,9 |
| Industria | 10,1 | 9,1 |
| Construcción | 13,3 | 11,2 |
| Servicios | 10,7 | 9,7 |

Fonte: *IGE, Enquisa de Poboación Activa*

ós labores de casa e nos estudiantes, onde a poboación inactiva descende en 5,1 e 9,6 miles de persoas, respectivamente. O peso relativo destes dous grupos de inactividade descende desde o 24% e 18,8%, respectivamente, de 1998, ata os 23,4% e 18,5% de 1999.

O grupo dos xubilados, retirados e pensionistas, que representan o 74,9% da poboación inactiva fronte ó 74,4% do ano anterior, é o único que experimenta un crecemento respecto ó ano 1998. Este incremento foi de 9,0 miles de persoas (1,5%).

## Datos rexistrados polo INEM

Como complemento ós datos facilitados pola EPA, a partir dos datos facilitados polo INEM é posible estudia-la evolución das demandas de emprego e a súa plasmación en postos de traballo reais.

Con respecto ó ano 1999, o **paro rexistrado** en Galicia tivo unha caída do 11,1%, fronte ó 7,6% do ano anterior, acadando unha cifra de 139,1 miles de persoas. A reducción do desemprego tradúcese nunha diminución de 1,7 puntos na taxa de paro rexistrado galega, ata situarse no 12,4%. En termos relativos, unicamente o paro rexistrado no sector servicios é inferior en Galicia (46,7% do paro total rexistrado) que en España (52,2%) (**cadro 2.1.12.**).

Dentro desta análise resulta de interese a evolución das **ofertas e demandas** de emprego e, especialmente, o número de colocacións que se produciron. O **cadro 2.1.13.** amosa un aumento dun 13,6% da demanda de emprego

CADRO 2.1.12.

*Paro rexistrado en Galicia e España 1998-99: distribución segundo sectores económicos*

*(en miles de persoas)*

| | Galicia | | España | |
|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 1998 | 1999 |
| | | *(medias anuais)* | | |
| Agricultura e Pesca | 4,8 | 4,4 | 55,0 | 48,8 |
| Industria | 26,5 | 24,0 | 331,9 | 284,4 |
| Construcción | 21,3 | 16,8 | 201,8 | 163,0 |
| Servicios | 70,2 | 64,9 | 949,7 | 862,2 |
| Sen emprego anterior | 33,6 | 29,1 | 351,1 | 293,2 |
| Total | 156,5 | 139,1 | 1.889,5 | 1.651,6 |

Fonte: elaboración propia CES-Galicia a partir de datos das *Oficinas de Emprego da Xunta de Galicia* e do *INEM*

CADRO 2.1.13.

*Demandas, ofertas e colocacións rexistradas 1998-99*

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | | | *(%)* |
| **A Coruña** | | | |
| Demandas rexistradas | 284.781 | 325.839 | 14,4 |
| Colocacións | 228.608 | 258.775 | 13,2 |
| **Lugo** | | | |
| Demandas rexistradas | 72.674 | 87.768 | 20,8 |
| Colocacións | 54.974 | 69.145 | 25,8 |
| **Ourense** | | | |
| Demandas rexistradas | 65.669 | 69.559 | 5,9 |
| Colocacións | 43.407 | 45.598 | 5,0 |
| **Pontevedra** | | | |
| Demandas rexistradas | 300.336 | 339.111 | 12,9 |
| Colocacións | 235.432 | 267.633 | 13,7 |
| **Total** | | | |
| Demandas rexistradas | 723.550 | 822.277 | 13,6 |
| Colocacións | 562.421 | 641.151 | 14,0 |
| **Ofertas rexistradas** | 46.642 | 45.662 | -2,1 |
| **Colocacións** | | | |
| Ofertas comunicadas | 518.771 | 595.489 | 14,8 |
| Ofertas xestionadas | 43.650 | 45.662 | 4,6 |
| Total | 562.421 | 641.151 | 14,0 |

Fonte: *INEM*

rexistrada, así como un crecemento dun 14,0% das colocacións en relación a 1998.

O devandito **cadro 2.1.13.** reflicte un descenso do 2,1% no número total das ofertas rexistradas respecto ó ano 1998 (no ano anterior o descenso fora do 40,3%), acadando en 1999 as 45.662 ofertas rexistradas, fronte ás 46.642 ofertas do ano anterior.

Das 641.151 **colocacións** rexistradas que se produciron ó longo de 1999, o 67,0% correspondeu ó sector servicios e as restantes repartíronse entre o sector industrial e a construcción e, en menor medida, o sector primario. Como se pode apreciar no **cadro 2.1.14.**, e a diferencia do que aconteceu en 1998, as colocacións aumentaron en tódolos sectores agás no sector primario, que experimentou un descenso do 10,2% respecto ó ano anterior. No lado oposto, os sectores servicios e industria experimentaron un aumento do 16,3% e 15,1%, respectivamente.

Atendendo á relación entre o número de colocacións rexistradas e o nivel de estudios, o **cadro 2.1.15.** reflicte que en 1999 o número de

CADRO 2.1.14.

**Colocacións rexistradas 1998-99: distribución segundo sectores económicos**

| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
|---|---|---|---|
| **A Coruña** | 228.608 | 258.775 | 13,2 |
| Agricultura e pesca | 7.661 | 6.290 | -17,9 |
| Industria | 35.633 | 41.048 | 15,2 |
| Construcción | 36.180 | 39.434 | 9,0 |
| Servicios | 149.134 | 172.003 | 15,3 |
| **Lugo** | 54.974 | 69.145 | 25,8 |
| Agricultura e pesca | 5.034 | 4.278 | -15,0 |
| Industria | 4.541 | 5.357 | 18,0 |
| Construcción | 7.238 | 7.823 | 8,1 |
| Servicios | 38.161 | 51.687 | 35,4 |
| **Ourense** | 43.407 | 45.598 | 5,0 |
| Agricultura e pesca | 2.404 | 1.790 | -25,5 |
| Industria | 8.133 | 8.797 | 8,2 |
| Construcción | 8.073 | 8.292 | 2,7 |
| Servicios | 25.899 | 26.719 | 3,2 |
| **Pontevedra** | 235.432 | 267.633 | 13,7 |
| Agricultura e pesca | 10.080 | 10.250 | 1,7 |
| Industria | 42.096 | 48.892 | 16,1 |
| Construcción | 25.899 | 29.349 | 13,3 |
| Servicios | 157.357 | 179.142 | 13,8 |
| **Total** | 562.421 | 641.151 | 14,0 |
| Agricultura e pesca | 25.179 | 22.608 | -10,2 |
| Industria | 90.403 | 104.094 | 15,1 |
| Construcción | 77.390 | 84.898 | 9,7 |
| Servicios | 369.449 | 429.551 | 16,3 |

Fonte: *INEM*

CADRO 2.1.15.

**Colocacións rexistradas 1998-99: distribución segundo nivel de estudios**

***1998***

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Sen estudios** | 44 | 5 | 5 | 110 | 164 |
| **Estudios primarios sen certificado** | 2.455 | 1.594 | 506 | 4.101 | 8.656 |
| **Certificado de escolaridade** | 69.191 | 16.100 | 15.579 | 75.982 | 176.852 |
| **EXB** | 91.909 | 18.257 | 15.940 | 94.081 | 220.187 |
| **BUP** | 30.134 | 5.609 | 5.148 | 24.356 | 65.247 |
| **Formación Profesional** | 18.269 | 5.385 | 3.291 | 17.743 | 44.688 |
| **Titulación grao medio** | 7.398 | 4.646 | 1.595 | 9.064 | 22.703 |
| **Titulación grao superior** | 9.208 | 3.378 | 1.343 | 9.995 | 23.924 |
| **Total** | 228.608 | 54.974 | 43.407 | 235.432 | 562.421 |

***1999***

| | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Sen estudios** | 272 | 23 | 12 | 99 | 406 |
| **Estudios primarios sen certificado** | 4.681 | 1.699 | 533 | 4.623 | 11.536 |
| **Certificado de escolaridade** | 75.556 | 18.453 | 15.379 | 82.367 | 191.755 |
| **EXB** | 104.074 | 21.732 | 17.197 | 108.348 | 251.351 |
| **BUP** | 34.851 | 7.492 | 5.773 | 29.535 | 77.651 |
| **Formación Profesional** | 19.774 | 7.599 | 3.592 | 21.057 | 52.022 |
| **Titulación grao medio** | 9.070 | 7.784 | 1.702 | 10.770 | 29.326 |
| **Titulación grao superior** | 10.497 | 4.363 | 1.410 | 10.834 | 27.104 |
| **Total** | 258.775 | 69.145 | 45.598 | 267.633 | 641.151 |

Fonte: *INEM*

CADRO 2.1.16.

*Contratos de traballo, contratos convertidos en indefinidos e adscricións en colaboración social 1998-99*

| | 1998 | | | 1999 | | | 99/98 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | Total |
| | | | *(en miles de persoas)* | | | | | *(%)* | |
| **Contratos de duración indefinida** | | | 30.193 | | | 34.360 | | | 13,8 |
| Indefinido ordinario | 7.699 | 2.355 | 10.054 | 8.075 | 2.292 | 10.367 | 4,9 | -2,7 | 3,1 |
| Indefinido Lei 63/97 | 9.716 | 4.698 | 14.414 | 10.874 | 5.908 | 16.782 | 11,9 | 25,8 | 16,4 |
| Indefinido tempo parcial (1) (3) | | | 5.427 | | | 6.774 | | | 24,8 |
| Minusválidos | 233 | 65 | 298 | 317 | 120 | 437 | 36,1 | 84,6 | 46,6 |
| **Contratos de duración temporal** | | | 528.987 | | | 604.065 | | | 14,2 |
| Obra ou servicio | 148.573 | 46.930 | 195.503 | 159.624 | 56.138 | 215.762 | 7,4 | 19,6 | 10,4 |
| Eventual circunstancias da producción | 93.293 | 56.277 | 149.570 | 116.238 | 70.187 | 186.425 | 24,6 | 24,7 | 24,6 |
| Interinidade | 12.574 | 21.492 | 34.066 | 14.918 | 27.692 | 42.610 | 18,6 | 28,8 | 25,1 |
| Temporais minusválidos | 177 | 50 | 227 | 173 | 49 | 222 | -2,3 | -2,0 | -2,2 |
| Tempo parcial (2) (3) | | | 108.357 | | | 105.102 | | | -3,0 |
| Sustitución por xubilación ós 64 anos | 65 | 21 | 86 | 49 | 23 | 72 | -24,6 | 9,5 | -16,3 |
| Prácticas | 2.816 | 2.412 | 5.228 | 3.081 | 2.712 | 5.793 | 9,4 | 12,4 | 10,8 |
| Formación Lei 63/97 | 9.126 | 4.029 | 13.155 | 10.817 | 5.243 | 16.060 | 18,5 | 30,1 | 22,1 |
| Minusválidos en centros especiais de formación | 170 | 85 | 255 | 189 | 183 | 372 | 11,2 | 115,3 | 45,9 |
| Outros contratos | 13.859 | 8.681 | 22.540 | 16.034 | 15.613 | 31.647 | 15,7 | 79,9 | 40,4 |
| **Total contratos** | 343.661 | 215.519 | 559.180 | 385.156 | 253.269 | 638.425 | 12,1 | 17,5 | 14,2 |
| **Conversión de contratos temporais en indefinidos** | | | 14.781 | | | 21.647 | | | 46,5 |
| **Adscrición en colaboración social** | | | 810 | | | | | | |

(1) refírese ós contratos a tempo parcial de duración indefinida
(2) non inclúe os contratos deste tipo que teñen duración indefinida
(3) en 1998, dos 113.784 contratos a tempo parcial, 68.424 foron firmados por mulleres e 45.360 por homes; en 1999, dos 111.876 contratos a tempo parcial, 67.109 foron firmados por mulleres e 44.767 por homes.
Fonte: *INEM*

colocacións nas titulacións de grao medio é maior ás de grao superior para o conxunto de Galicia, polo que se pode afirmar que se produce unha mellor adecuación entre o posto de traballo e o grao de titulación que se posúe. Non obstante, tal situación non se produce na provincia de A Coruña, mentres que na provincia de Pontevedra existe certa equiparación entre un e outro nivel de estudios.

Un 70,9% das ocupacións (454.642 persoas colocadas) foi acaparado polo grupo de persoas cun nivel de estudios primarios. Daqueles con estudios de BUP ou formación profesional, colocáronse 77.651 e 52.022 persoas, respectivamente, o que supón un crecemento do 19,0% e do 16,4%, tamén respectivamente, sobre o ano anterior.

Na provincia de A Coruña rexistráronse 272 das 406 colocacións de persoas sen estudios en Galicia. O predominio desta provincia dase en tres grupos de niveis de estudios (persoas sen estudios, estudios primarios sen certificado e BUP), en tanto que para os outros grupos a superioridade prodúcese na provincia de Pontevedra.

O número de **contratos rexistrados** en 1999 ascendeu a 638.425, un 14,2% máis que o ano anterior (79.245 contratos). Como reflicte o **cadro 2.1.16.**, os contratos por obra ou servicio (215.762 contratos) seguen a se-lo tipo de contratos máis numeroso en Galicia, representando un 33,8% do total dos contratos rexistrados; os contratos eventuais segundo as circunstancias da producción (186.425 contratos) significaron un 29,2%. Para o conxunto de España, a situación é a contraria, sendo os contratos eventuais os máis significativos en canto a súa porcentaxe, xa que supoñen o 34,4% do total de contratos novos. Séguenlles en importancia os contratos por obra ou servicio, que representan o 29,3% do total.

Xunto a estos novos contratos rexistrados, en 1999 producíronse un total de 21.647 conversións de contratos temporais en indefinidos, mentres que o ano anterior foron 14.781 as conversións.

No caso dos contratos novos, o número de **contratos indefinidos** creceu un 13,8% respecto ós firmados no ano anterior (4.167 contratos máis), para acadar os 34.360 contratos, o que representa un 5,4% do total dos contratos novos rexistrados en 1999, porcentaxe similar á do ano anterior. O importante aumento destos novos contratos foi debido, non só ós contratos indefinidos (Lei 63/97), que acadan os 16.782 novos contratos, senón tamén ó aumento dos contratos indefinidos a tempo parcial, que ascenden a 6.774, un 24,8% máis que o ano 1998.

O número de **contratos de duración temporal** en 1999 foi de 604.065, o que representa un aumento de 75.078 contratos (o 14,2%) respecto ó ano 1998, destacando os contratos por obra ou servicio, 20.259 contratos máis que en 1998, e os contratos eventuais por circunstancias da producción (incrementáronse 36.855 contratos). En 1999 produciuse un lixeiro descenso dos contratos a tempo parcial (3.255 contratos menos).

Atendendo ós diferentes tipos de contratos, como norma xeral, os homes asinan máis contratos que as mulleres (dos 638.425 contratos asinados en Galicia, o 39,7% corresponderon ás mulleres), coa excepción dos contratos de interinidade e os contratos a tempo parcial. No primeiro caso, o 65,0% das interinidades son cubertas por mulleres, porcentaxe que acada o 60,0% nos contratos a tempo parcial.

Atendendo á desagregación dos contratos por ramas de actividade, o **cadro 2.1.17.** amosa que son as actividades inmobiliarias as que experimentan un maior volume de contratacións, seguidas pola industria manufactureira e

CADRO 2.1.17.

***Contratos de traballo en Galicia e España 1999: distribución segundo actividade económica***

| | Galicia | (% / total) | España | (% / total) | G/E (%) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Sector primario** | 22.612 | 3,54 | 1.408.288 | 10,98 | 1,6 |
| Agricultura, gandería, caza e silvicultura | 11.355 | 1,78 | 1.379.314 | 10,75 | 0,8 |
| Pesca | 11.257 | 1,76 | 28.974 | 0,23 | 38,9 |
| **Industria** | 103.480 | 16,21 | 1.381.087 | 10,77 | 7,5 |
| Industrias extractivas | 3.594 | 0,56 | 20.664 | 0,16 | 17,4 |
| Industria manufactureira | 99.341 | 15,56 | 1.344.033 | 10,48 | 7,4 |
| Producción e distribución de enerxía eléctrica, gas e auga | 545 | 0,09 | 16.390 | 0,13 | 3,3 |
| **Construcción** | 84.228 | 13,19 | 1.838.608 | 14,34 | 4,6 |
| **Servicios** | 428.105 | 67,06 | 8.197.015 | 63,91 | 5,2 |
| Comercio, reparación de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores, e artigos persoais e de uso doméstico | 65.396 | 10,24 | 1.371.982 | 10,70 | 4,8 |
| Hostelería | 40.025 | 6,27 | 1.062.651 | 8,29 | 3,8 |
| Transporte, almacenamento e comunicacións | 56.291 | 8,82 | 572.257 | 4,46 | 9,8 |
| Intermediación financeira | 2.260 | 0,35 | 57.745 | 0,45 | 3,9 |
| Acitvidades inmobiliarias | 136.159 | 21,33 | 3.178.667 | 24,78 | 4,3 |
| Administración Pública, Defensa e Seguridade Social Obrigatoria | 30.367 | 4,76 | 483.957 | 3,77 | 6,3 |
| Educación | 14.505 | 2,27 | 275.373 | 2,15 | 5,3 |
| Actividades sanitarias e veterinarias. Servicios Sociais | 32.274 | 5,06 | 537.776 | 4,19 | 6,0 |
| Outras actividades sociais e de servicios prestados á Comunidade. Servicios persoais | 50.237 | 7,87 | 638.197 | 4,98 | 7,9 |
| Fogares que empregan persoal doméstico | 586 | 0,09 | 17.758 | 0,14 | 3,3 |
| Organismos extraterritoriais | 5 | 0,00 | 652 | 0,01 | 0,8 |
| **Total** | 638.425 | 100 | 12.824.998 | 100 | 5,0 |

Fonte: *INEM*

a construcción. En comparación con España, en Galicia salienta que os contratos na agricultura, gandería, caza e silvicultura teñen, en termos relativos, pouca relevancia (significan o 11,0% dos contratos en España, fronte ó 3,5% en Galicia).

## Taxa de temporalidade

A taxa de temporalidade, **cadro 2.1.18.**, definida como a relación entre asalariados temporais e o total de asalariados, ascendeu en Galicia, en 1999, medio punto porcentual respecto ó ano anterior para situarse no 33,9%, a diferencia do acontecido no caso español, onde a taxa de temporalidade descende dúas décimas (32,8%).

Atendendo á súa desagregación por sexos, o devandito cadro reflicte que, tanto en Galicia como no conxunto do estado, se produce un descenso da taxa de temporalidade nos homes e un aumento da taxa no caso das mulleres. En Galicia, o aumento da taxa de temporalidade feminina foi máis acusado que no conxunto do estado (2,3 puntos fronte ós 0,4 puntos en España) polo que a taxa de temporalidade feminina galega supera neste último ano á española.

O grao de rotación existente no mercado de traballo –a relación existente entre o número de contratos temporais realizados (604.065) e a poboación asalariada temporal (215,8 miles de persoas)– ascende a 2,80 contratos por persoa asalariada temporal, sendo no ano anterior de 2,63 contratos.

## Empresas de traballo temporal

O número de empresas de traballo temporal en Galicia en 1998, **cadro 2.1.19.**, ascendeu a 37, o que representa o 4,3% do total deste tipo

CADRO 2.1.18.

*Taxas de temporalidade en Galicia e España 1998-99*

| | Galicia | | | | España | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | | Total | Homes | Mulleres |
| **1998** | 33,37 | 33,60 | 32,95 | **1998** | 33,01 | 32,11 | 34,56 |
| I | 32,52 | 32,43 | 32,70 | I | 33,35 | 32,34 | 35,08 |
| II | 33,57 | 33,96 | 32,87 | II | 32,89 | 32,01 | 34,39 |
| III | 34,61 | 34,65 | 34,53 | III | 33,33 | 32,44 | 34,87 |
| IV | 32,78 | 33,37 | 31,71 | IV | 32,47 | 31,63 | 33,90 |
| **1999** | 33,86 | 33,08 | 35,22 | **1999** | 32,80 | 31,49 | 34,96 |
| I | 32,20 | 32,65 | 31,41 | I | 32,59 | 31,33 | 34,65 |
| II | 32,81 | 31,63 | 34,91 | II | 32,72 | 31,38 | 34,92 |
| III | 36,05 | 34,54 | 38,67 | III | 33,31 | 32,01 | 35,47 |
| IV | 34,36 | 33,50 | 35,88 | IV | 32,59 | 31,23 | 34,78 |

Fonte: *INE e IGE*

CADRO 2.1.19.

*Empresas de traballo temporal e contratos de posta a disposición nas CC.AA. 1998-99* (1)

| | 1998 | | 1999 | | 99/98 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | ETTs | contratos | ETTs | contratos | ETTs | contratos |
| **Andalucía** | 67 | 194.596 | 74 | 187.744 | 7 | -6.852 |
| **Aragón** | 37 | 51.126 | 42 | 55.364 | 5 | 4.238 |
| **Asturias** | 28 | 21.267 | 26 | 26.178 | -2 | 4.911 |
| **Baleares** | 21 | 29.580 | 23 | 30.648 | 2 | 1.068 |
| **Canarias** | 28 | 55.378 | 31 | 59.980 | 3 | 4.602 |
| **Cantabria** | 17 | 17.645 | 21 | 21.459 | 4 | 3.814 |
| **Castela - A Mancha** | 31 | 32.211 | 32 | 39.212 | 1 | 7.001 |
| **Castela e León** | 38 | 88.365 | 39 | 97.775 | 1 | 9.410 |
| **Cataluña** | 146 | 476.790 | 137 | 502.975 | -9 | 26.185 |
| **C. Valenciana** | 69 | 139.690 | 70 | 151.292 | 1 | 11.602 |
| **Estremadura** | 16 | 20.105 | 16 | 18.436 | 0 | -1.669 |
| **Galicia** | 35 | 82.431 | 37 | 84.155 | 2 | 1.724 |
| A Coruña | | 36.424 | | 37.043 | | 619 |
| Lugo | | 7.813 | | 11.524 | | 3.711 |
| Ourense | | 6.403 | | 5.615 | | -788 |
| Pontevedra | | 31.791 | | 29.973 | | -1.818 |
| **Madrid** | 174 | 339.592 | 162 | 395.042 | -12 | 55.450 |
| **Murcia** | 32 | 61.289 | 32 | 101.042 | 0 | 39.753 |
| **Navarra** | 30 | 39.325 | 29 | 36.171 | -1 | -3.154 |
| **País Vasco** | 72 | 137.269 | 70 | 136.819 | -2 | -450 |
| **Rioxa** | 17 | 15.509 | 18 | 17.295 | 1 | 1.786 |
| **Ceuta e Melilla** | 4 | 1.379 | 5 | 1.183 | 1 | -196 |
| **Total** | 862 | 1.803.547 | 864 | 1.962.770 | 2 | 159.223 |

(1)ETTs con autorización a 31-12 de cada ano
Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*

de empresas existentes en España. Estas 37 empresas realizaron un total de 84.155 contratos de posta a disposición (un 2,1% máis que os contratos rexistrados no ano anterior), que significan o 4,3% do total de contratos no conxunto do estado.

Atendendo á desagregación por provincias, foi a provincia de A Coruña a que acolleu un maior número de contratos con 37.043 contratos de posta a disposición, seguida de Pontevedra con 29.973 contratos. Entre ámbalas dúas provincias acollen ó 79,6% do total de contratos de Galicia, fronte ó 82,8% do ano anterior.

## Sinistralidade laboral

O número de accidentes laborais ascendeu en Galicia un 13,1% en 1999 en relación ó ano anterior. Dos 41.408 accidentes ou enfermida-

CADRO 2.1.20.

### Accidentes e enfermidades profesionais con baixa en xornada de traballo 1998-99

| | Leves | | | Graves | | | Mortais | | | Totais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
| **A Coruña** | 13.671 | 15.662 | 14,6 | 283 | 291 | 2,8 | 51 | 50 | -2,0 | 14.005 | 16.003 | 14,3 |
| **Lugo** | 3.787 | 4.025 | 6,3 | 155 | 250 | 61,3 | 14 | 15 | 7,1 | 3.956 | 4.290 | 8,4 |
| **Ourense** | 3.353 | 3.497 | 4,3 | 76 | 85 | 11,8 | 8 | 9 | 12,5 | 3.437 | 3.591 | 4,5 |
| **Pontevedra** | 14.888 | 17.176 | 15,4 | 284 | 303 | 6,7 | 46 | 45 | -2,2 | 15.218 | 17.524 | 15,2 |
| **Total** | 35.699 | 40.360 | 13,1 | 798 | 929 | 16,4 | 119 | 119 | 0,0 | 36.616 | 41.408 | 13,1 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia*

CADRO 2.1.21.

### Accidentes e enfermidades profesionais 1998-99: distribución segundo a gravidade e sectores económicos

| | Leves | | | Graves | | | Mortais | | | Totais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) | 1998 | 1999 | 99/98 (%) |
| **Agricultura** | 1.204 | 1.211 | 0,6 | 130 | 162 | 24,6 | 7 | 4 | -42,9 | 1.341 | 1.377 | 2,7 |
| **Pesca** | 2.186 | 2.015 | -8,5 | 73 | 68 | -6,8 | 28 | 19 | -32,1 | 2.287 | 2.102 | -8,1 |
| **Industria** | 12.569 | 13.610 | 7,6 | 168 | 218 | 29,8 | 20 | 17 | -15,0 | 12.757 | 13.845 | 8,5 |
| **Construcción** | 9.027 | 10.671 | 15,4 | 202 | 210 | 4,0 | 24 | 35 | 45,8 | 9.253 | 10.916 | 18,0 |
| **Servicios** | 10.713 | 12.853 | 16,6 | 225 | 271 | 20,4 | 40 | 44 | 10,0 | 10.978 | 13.168 | 19,9 |
| **Total** | 35.699 | 40.360 | 11,5 | 798 | 929 | 16,4 | 119 | 119 | 0 | 36.616 | 41.408 | 13,1 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia*

CADRO 2.1.22.

### Actividades económicas con maior sinistralidade laboral 1998-99

| 1998 | | | 1999 | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Nº de orde | Actividade económica | Nº accidentes | Nº de orde | Actividade económica | Nº accidentes |
| 1 | 45 Construcción | 9.253 | 1 | 45 Construcción | 10.916 |
| 2 | 35 Fabric. doutro matrial de transporte | 2.317 | 2 | 28 Fabricación productos metálicos agás maquinaria e equipo | 2.334 |
| 3 | 5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados | 2.287 | 3 | 35 Fabric. doutro matrial de transporte | 2.331 |
| 4 | 28 Fabric. productos metálicos agás maquinaria e | 2.060 | 4 | 74 Outras actividades empresariais | 2.207 |
| 5 | 74 Outras actividades empresariais | 1.927 | 5 | 5 Pesca, acuicultura e serv. relacionados | 2.102 |
| 6 | 15 Industria de productos alimenticios e bebidas | 1.796 | 6 | 52 Comercio polo miudo agás vehículos motor, reparac. domést. | 1.900 |
| 7 | 52 Comercio polo miudo agás vehículos motor, rep | 1.431 | 7 | 15 Industria de productos alimenticios e bebidas | 1.882 |
| 8 | 26 Fabric. doutros productos minerais non metálicc | 1.388 | 8 | 26 Fabric. doutros productos minerais non metálicos | 1.543 |
| 9 | 20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles) | 1.345 | 9 | 51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehículos motor | 1.506 |
| 10 | 51 Comercio por xunto e intermediarios agás vehíc | 1.289 | 10 | 20 Industria da madeira e cortiza (agás mobles) | 1.491 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais, Sinistralidade laboral en Galicia*

des profesionais con baixa en xornada de traballo acaecidos en Galicia en 1999, o 42,3% producíronse en Pontevedra e un 38,6% en A Coruña. Ourense foi a provincia con menos accidentes laborais, 8,7%, seguida de Lugo cun 10,4% (**cadro 2.1.20.**).

Os únicos tipos de accidentes que descenderon en 1999 respecto ó ano 1998 en Galicia foron os accidentes mortais en A Coruña (un 2%) e en Pontevedra (2,2%). Nas demais categorías, prodúcese un incremento xeralizado do que destaca o incremento dos accidentes graves en Lugo, que medra un 61,3% respecto ó ano 1998.

Por sectores de actividade, o **cadro 2.1.21.** amosa que a industria soporta o maior número de accidentes cun 33,4% (13.845 accidentes), seguida do sector servicios co 31,8% (13.168 accidentes) e da construcción co 26,4% (10.916 accidentes). Tendo en conta o número de accidentes no seu conxunto, éstos aumentaron un 18% no sector da construcción e un 19,9% no caso dos servicios, sendo a pesca o único que presenta un descenso no número de accidentes respecto ó ano anterior (un 8,1%).

Considerando os diferentes tipos de accidentes, salienta o descenso de todos eles no caso da pesca e a diminución dos accidentes mortais na agricultura e na industria. Pola contra, prodúcese un crecemento importante dos accidentes graves na agricultura, industria e servicios (por riba do 20% en todo eles) e dos accidentes mortais no caso da construcción (11 accidentes mortais máis) e dos servicios (4 máis).

Por ramas de actividade, o **cadro 2.1.22.** reflicte que as dez primeiras ramas en canto accidentes coincidiron en 1999 e 1998. Sobre o total de accidentes laborais, estas dez actividades supoñen o 68,1%, fronte ó 68,5% do ano anterior. A construcción é a actividade económica con maior sinistralidade, moi por diante da fabricación de productos metálicos agás maquinaria e equipo e da fabricación doutro material de transporte.

No concernente ós índices de incidencia da sinistralidade laboral, que relaciona os accidentes en xornada de traballo con baixa co número medio de persoas expostas, Galicia está por debaixo da media nacional (60,29 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas, fronte ó 72,8 de España). Este índice aumenta nas catro provincias galegas, salientando a medra da provincia de Pontevedra, onde o índice pasa de 67,4 miles de accidentes/ nº medio de persoas expostas de 1998 ós 77,6 miles de 1999.

A meirande parte dos accidentes correspondeu a persoas con contrato temporal (57,5% en 1999), mentres un 33,6% dos accidentes correspondeu a persoas con contrato indefinido. Este predominio mantense tanto nos accidente leves (57,7%) como graves (48,2%), mentres que no caso dos accidentes mortais, un 54,6% dos accidentes corresponde a persoas con contrato indefinido por un 34,5% a persoas con contrato temporal.

## Relacións laborais

• ***Negociación colectiva.-***

O número de convenios rexistrados en 1999 descende en Galicia ata os 193 convenios, dos que 133 corresponden a convenios de empresa (o 68,9%) e 60 (o 31,1%) a convenios que se fan a nivel sectorial. Os datos sobre convenios colectivos rexistrados en Galicia recóllense nos **cadros 2.1.23.** e **2.1.24.**

En 1999 asináronse un total de 19 convenios colectivos de empresa negociados por vez primeira (10 deles corresponden á provincia de Pontevedra), dos que 15 corresponderon ó sector servicios, 3 á industria e 1 ó sector primario.

CADRO 2.1.23.

**Convenios colectivos rexistrados 1998-99**

| | C. Autónoma/ Interprov. C.A. | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1998** | | | | | | |
| Sectoriais | 1 | 14 | 15 | 14 | 18 | 62 |
| De empresa | 7 | 39 | 11 | 15 | 72 | 144 |
| Total | 8 | 53 | 26 | 29 | 90 | 206 |
| **1999** | | | | | | |
| Sectoriais | 4 | 16 | 11 | 13 | 16 | 60 |
| De empresa | 15 | 31 | 10 | 19 | 58 | 133 |
| Total | 19 | 47 | 21 | 32 | 74 | 193 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.24.

**Convenios colectivos de empresa negociados por vez primeira 1998-99: distribución segundo sectores económicos**

| | C. Autónoma/ Interprov. C.A. | A Coruña | Lugo | Ourense | Pontevedra | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **1998** | | | | | | |
| Agric. e Pesca | | | | | | |
| Industria | 1 | 4 | | 2 | 4 | 11 |
| Construcción | | | | | | |
| Servicios | | 4 | 2 | 2 | 9 | 17 |
| **Total** | 1 | 8 | 2 | 4 | 13 | 28 |
| **1999** | | | | | | |
| Agric. e Pesca | | 1 | | | | 1 |
| Industria | 1 | | | | 2 | 3 |
| Construcción | | | | | | |
| Servicios | 1 | 4 | | 2 | 8 | 15 |
| **Total** | 2 | 5 | | 2 | 10 | 19 |

Fonte: *Consello Galego de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.25.

**Xornada efectiva media por traballador nas CC.AA. 1998-99**

| | 1998 | 1999 | 99/98 |
|---|---|---|---|
| | *(en horas/ano)* | | *(%)* |
| Andalucía | 1.675,9 | 1.666,70 | -0,5 |
| Aragón | 1.667,8 | 1.647,90 | -1,2 |
| Asturias | 1.625,1 | 1.642,20 | 1,1 |
| Baleares | 1.712,4 | 1.715,60 | 0,2 |
| Canarias | 1.714,3 | 1.719,70 | 0,3 |
| Cantabria | 1.690,2 | 1.673,10 | -1,0 |
| Castela-A Mancha | 1.694,2 | 1.698,70 | 0,3 |
| Castela e León | 1.649,7 | 1.655,70 | 0,4 |
| Cataluña | 1.665,5 | 1.663,00 | -0,2 |
| C. Valenciana | 1.683,1 | 1.685,0 | 0,1 |
| Estremadura | 1.648,1 | 1.689,2 | 2,5 |
| **Galicia** | **1.694,1** | **1.707,1** | **0,8** |
| Madrid | 1.678,9 | 1.685,2 | 0,4 |
| Murcia | 1.643,2 | 1.664,8 | 1,3 |
| Navarra | 1.657,8 | 1.668,2 | 0,6 |
| País Vasco | 1.612,7 | 1.620,6 | 0,5 |
| A Rioxa | 1.677,1 | 1.674,6 | -0,1 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, Encuesta de Coyuntura Laboral*

CADRO 2.1.26.

**Xornada media pactada na negociación colectiva 1998-99**

(en horas/ano)

**1998**

| | Xornada media | Sectores económicos: Agrario | Industria | Construcción | Servicios |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total convenios** | 1.781,9 | 1.784,0 | 1.783,6 | 1.765,4 | 1.805,1 |
| Convenios de empresa | 1.755,4 | 1.784,0 | 1.760,8 | 1.770,3 | 1.728,4 |
| Convenios de sector | 1.785,2 | - | 1.790,1 | 1.765,4 | 1.812,3 |

**1999**

| | Xornada media | Sectores económicos: Agrario | Industria | Construcción | Servicios |
|---|---|---|---|---|---|
| **Total convenios** | 1.779,1 | 1.784,0 | 1.782,2 | 1.761,6 | 1.799,2 |
| Convenios de empresa | 1.742,1 | 1.784,0 | 1.752,3 | 1.760,6 | 1.704,3 |
| Convenios de sector | 1.782,8 | - | 1.789,7 | 1.761,6 | 1.806,6 |

Fonte: *Consello Galego de Relacións Laborais*

O incremento salarial pactado por convenio para o ano 1999 foi, como media, do 2,51% en relación ó salario de 1998, mentres que en España a suba media foi do 2,44%. Por provincias, as provincias de A Coruña e Lugo presentan un incremento superior á media galega con 2,63% e 2,84%, respectivamente, en tanto que Ourense e Pontevedra presentan crecementos do 2,30% e 2,35%, respectivamente. O incremento foi de 2,42% como media para os convenios pactados a nivel empresa e do 2,52% nos convenios doutro ámbito.

A xornada efectiva media por traballador en Galicia aumentou en 1999 un 0,8% pasando de 1.694,1 horas por ano en 1998 a 1.707,1 horas/ano en 1999. Esta cifra sitúa a Galicia como a terceira comunidade autónoma con maior xornada efectiva media por traballador tras Baleares e Canarias, e a cuarta coa maior taxa de crecemento tras Asturias, Estremadura e Murcia.

A xornada media pactada ou ponderada na negociación colectiva galega en 1999 foi de 1.779,1 horas/ano, fronte ás 1.781,9 horas/ano de 1998. Esta xornada foi superior no caso dos convenios de sector que nos convenios de empresa, como reflicten os datos do **cadro 2.1.26.** Atendendo ós sectores de actividade, en 1999 o sector agrario pactou unha xornada media de 1.784 horas/ano, en tanto que dentro dos sectores non agrarios salienta o sector servicios, con 1.799,2 horas/ano. A construcción foi o sector coa menor xornada media pactada: 1.761,6 horas/ano.

• ***Regulación de emprego.-***

En relación cos expedientes de regulación de emprego resoltos en Galicia en 1999, o seu número aumentou nun 34,9%, acadando a cifra de 595 expedientes, dos que 562 foron autorizados, 23 non autorizados e 10 desistidos. O número total de traballadores afectados ascendeu a 6.249, 969 traballadores menos que no ano anterior, dos que 567 (o 9,1%) sufriron a rescisión do seu contrato, 10 traballadores unha reducción da xornada e 5.672 (o 90,8%), suspensión do emprego.

A provincia de Pontevedra segue destacando sobre as demais tanto no número de expedientes como respecto ós traballadores afectados. No primeiro caso, Pontevedra supón o 51,9% do total de expedintes resoltos en Galicia e, no segundo caso, o 56,2% do total dos

CADRO 2.1.27.

***Expedientes de regulación de emprego resoltos 1998-99: distribución segundo medida autorizada***

***1998***

| | Total | | Suspensión | | Reducción xornada | | Rescisión | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. |
| **A Coruña** | 157 | 2.987 | 122 | 1.236 | 2 | 5 | 26 | 1.746 |
| **Lugo** | 23 | 194 | 19 | 184 | - | - | 1 | 10 |
| **Ourense** | 15 | 126 | 5 | 34 | 1 | 1 | 6 | 91 |
| **Pontevedra** | 246 | 3.911 | 210 | 2.975 | - | - | 30 | 936 |
| **Total** | 441 | 7.218 | 356 | 4.429 | 3 | 6 | 63 | 2.783 |

***1999***

| | Total | | Suspensión | | Reducción xornada | | Rescisión | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. | Número | Trab. afect. |
| **A Coruña** | 226 | 2.306 | 214 | 2.193 | | | 12 | 113 |
| **Lugo** | 36 | 304 | 36 | 304 | | | | |
| **Ourense** | 5 | 124 | 5 | 124 | | | | |
| **Pontevedra** | 295 | 3.515 | 282 | 3.051 | 3 | 10 | 10 | 454 |
| **Total** | 562 | 6.249 | 537 | 5.672 | 3 | 10 | 22 | 567 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.28.

***Expedientes de regulación de emprego resoltos 1998-99***

***1998***

| | Expedientes | | | | | Total cadro de persoal | Total trab. afectados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Autorizados pactados | Autorizados non pactados | Non autorizados | Desistidos | | |
| **A Coruña** | 157 | 94 | 55 | 2 | 6 | 7.394 | 2.987 |
| **Lugo** | 23 | 18 | 2 | 2 | 1 | 219 | 194 |
| **Ourense** | 15 | 11 | 1 | 2 | 1 | 409 | 126 |
| **Pontevedra** | 246 | 115 | 125 | 5 | 1 | 17.456 | 3.911 |
| **Total** | 441 | 238 | 183 | 11 | 9 | 25.478 | 7.218 |

***1999***

| | Expedientes | | | | | Total cadro de persoal | Total trab. afectados |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Autorizados pactados | Autorizados non pactados | Non autorizados | Desistidos | | |
| **A Coruña** | 233 | 42 | 184 | 3 | 4 | 2.644 | 2.306 |
| **Lugo** | 45 | 29 | 7 | 6 | 3 | 413 | 304 |
| **Ourense** | 8 | 5 | | 1 | 2 | 388 | 124 |
| **Pontevedra** | 309 | 68 | 227 | 13 | 1 | 15.568 | 3.515 |
| **Total** | 595 | 144 | 418 | 23 | 10 | 19.013 | 6.249 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.29.

### Expedientes de regulación de emprego resoltos 1998-99: distribución segundo a causa

**1998**

| | Total | FP 01 | QSD 03 | PT 04 | RU 05 | RD 06 | FMP 08 | FM 09 | AM 10 | TC 12 | O 13 | P 14 | Ot. 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Exptes. autorizados | 421 | | 3 | 42 | 1 | 18 | | 192 | 6 | 91 | 54 | 13 | 1 |
| Trab. afect. | 7.218 | | 255 | 1.137 | 1 | 678 | | 2.017 | 315 | 678 | 386 | 1.742 | 9 |
| Trab. suspensión | 6 | | | 2 | | | | | | | 4 | | |
| Trab. reduc. xornada | 2.783 | | 255 | 340 | | 83 | | 92 | 86 | 82 | 265 | 1.580 | |
| Trab. rescisión | 4.429 | | | 795 | 1 | 595 | | 1.925 | 229 | 596 | 117 | 162 | 9 |

**1999**

| | Total | FP 01 | QSD 03 | PT 04 | RU 05 | RD 06 | FMP 08 | FM 09 | AM 10 | TC 12 | O 13 | P 14 | Ot. 15 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| Exptes. autorizados | 562 | 1 | | 17 | 1 | 5 | 1 | 426 | 7 | 66 | 21 | 15 | 2 |
| Trab. afect. | 6.249 | 3 | | 657 | 1 | 73 | 3 | 3.754 | 310 | 596 | 446 | 388 | 18 |
| Trab. suspensión | 10 | | | | | | | | | | 10 | | |
| Trab. reduc. xornada | 567 | | | 191 | | 20 | 3 | 40 | 14 | 25 | 263 | | 11 |
| Trab. rescisión | 5.672 | 3 | | 466 | 1 | 53 | | 3.714 | 296 | 571 | 173 | 388 | 7 |

FP 01 Falta de productividade
QSD 03 Quebra, suspensión de pagos, débedas
PT 04 Problemas de tesourería ou financiamento
RU 05 Ruínas ou obras de inmobles
RD 06 Restricción da demanda ou consumo
FMP 08 Falta de materia prima
FM 09 Forza maior
AM 10 Apliación de medidas económicas
TC 12 Técnicas e/ou tecnolóxicas
O 13 Organizativas
P 14 De producción
Ot. 15 Outras

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.30.

*Folgas autonómicas 1998-99*

| | Folgas | | | Días de folga | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Convocadas | Suspendidas | Realizadas | | | |
| **1998** | | | | | | |
| **Sector** | 2 | 1 | 1 | 1 | 2.436 | 2.436 |
| **Empresa** | 1 | 1 | 0 | 0 | 0 | 0 |
| **Total** | 3 | 2 | 1 | 1 | 2.436 | 2.436 |
| **1999** | | | | | | |
| **Sector** | | | | | | |
| **Empresa** | 6 | 4 | 2 | 18 | 493 | 7.409 |
| **Total** | 6 | 4 | 2 | 18 | 493 | 7.409 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.31.

*Folgas provinciais 1998-99*

| | Folgas | | | Días de folga | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Convocadas | Suspendidas | Realizadas | | | |
| **1998** | 71 | 39 | 34 | 186 | 10.125 | 26.804 |
| **1999** | 100 | 50 | 49 | 280 | 25.969 | 131.640 |

Fonte: *Dirección Xeral de Relacións Laborais*

CADRO 2.1.32.

*Repercusión das folgas 1998-99: traballadores participantes e xornadas non traballadas*

*(en miles)*

| | 1998 | | 1999 | |
|---|---|---|---|---|
| | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas | Traballadores participantes | Xornadas non traballadas |
| **A Coruña** | 2,1 | 4,6 | 11,2 | 80,4 |
| **Lugo** | 1,1 | 1,8 | 0,9 | 1,5 |
| **Ourense** | 6,1 | 17,1 | 1,1 | 1,8 |
| **Pontevedra** | 6,3 | 11,8 | 16,1 | 56,2 |

Fonte: *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*

traballadores afectados (**cadro 2.1.28.**). A provincia de Ourense foi a únicia que experimentou un descenso no número de expedientes resoltos (7 menos que no ano anterior), en tanto que Lugo foi a única onde aumentou o número de traballadores afectados polos mencionados expedientes de regulación de emprego.

En relación ás diferentes causas dos expedientes de regulación de emprego, o **cadro 2.1.29.** amosa que a forza maior, seguida das causas ténicas e/ou tecnolóxicas, son as que dan lugar a un maior número de expedientes, mentres que as causas de forza maior e os problemas de tesourería ou financiamento son os que afectan a un maior número de traballadores.

**• *Conflictividade laboral.-***

En relación á conflictividade laboral, os **cadros 2.1.30.** e **2.1.31.** amosan o total de folgas autonómicas e provinciais. Como se pode apreciar no **cadro 2.1.30.**, as seis folgas auto-

CADRO 2.1.33.

***Ganancia media por traballador e mes na industria e nos servicios nas CC.AA. 1998-99*** (1)

| | 1998 | | | | | | 1999 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | **Pagos ordinarios** | | | **Pagos totais** | | | **Pagos ordinarios** | | | **Pagos totais** | | |
| | | **Indice base 1995** | **98/97** | | **Indice base 1995** | **98/97** | | **Indice base 1995** | **99/98** | | **Indice base 1995** | **99/98** |
| | *(en pesetas)* | | *(%)* | *(en pesetas)* | | *(%)* | *(en pesetas)* | | *(%)* | *(en pesetas)* | | *(%)* |
| **Andalucía** | 180.220 | 108,0 | 2,0 | 202.898 | 108,4 | 2,0 | 182.483 | 109,3 | 1,3 | 206.663 | 110,4 | 1,9 |
| **Aragón** | 192.767 | 107,3 | 0,9 | 222.972 | 108,8 | 1,2 | 194.843 | 108,4 | 1,1 | 224.859 | 109,7 | 0,8 |
| **Asturias** | 207.581 | 110,9 | 0,6 | 237.085 | 111,7 | 0,8 | 211.228 | 112,9 | 1,8 | 241.031 | 113,6 | 1,7 |
| **Baleares** | 176.395 | 107,3 | 0,5 | 201.452 | 108,7 | 1,0 | 178.554 | 108,6 | 1,2 | 204.441 | 110,4 | 1,5 |
| **Canarias** | 165.795 | 109,3 | 2,7 | 184.364 | 110,0 | 2,5 | 171.441 | 113,1 | 3,4 | 188.791 | 112,7 | 2,4 |
| **Cantabria** | 191.372 | 106,9 | 1,3 | 221.433 | 108,5 | 1,0 | 193.961 | 108,4 | 1,4 | 223.339 | 109,4 | 0,9 |
| **Castela - A Mancha** | 161.462 | 107,5 | 0,9 | 187.459 | 109,7 | 2,0 | 163.339 | 108,7 | 1,2 | 189.711 | 111,0 | 1,2 |
| **Castela e León** | 186.624 | 112,3 | 1,1 | 214.475 | 113,6 | 2,4 | 189.915 | 114,3 | 1,8 | 218.664 | 115,8 | 2,0 |
| **Cataluña** | 203.296 | 111,1 | 3,0 | 226.135 | 111,2 | 2,9 | 208.795 | 114,1 | 2,7 | 231.939 | 114,0 | 2,6 |
| **C. Valenciana** | 174.415 | 112,5 | 2,4 | 196.919 | 111,4 | 2,2 | 177.147 | 114,3 | 1,6 | 201.253 | 113,9 | 2,2 |
| **Estremadura** | 154.318 | 106,9 | 0,5 | 181.981 | 110,7 | 1,7 | 156.043 | 108,1 | 1,1 | 184.234 | 112,1 | 1,2 |
| **Galicia** | 166.962 | 111,4 | 2,7 | 190.682 | 111,3 | 2,8 | 170.939 | 114,1 | 2,4 | 196.073 | 114,5 | 2,8 |
| **Madrid** | 227.875 | 111,0 | 3,0 | 253.824 | 111,2 | 3,0 | 232.836 | 113,4 | 2,2 | 260.679 | 114,2 | 2,7 |
| **Murcia** | 152.309 | 109,1 | 2,2 | 172.941 | 109,1 | 2,4 | 154.772 | 110,9 | 1,6 | 176.111 | 111,1 | 1,8 |
| **Navarra** | 207.773 | 110,9 | 3,1 | 236.344 | 111,3 | 2,8 | 211.645 | 112,9 | 1,9 | 242.157 | 114,0 | 2,5 |
| **País Vasco** | 229.247 | 108,1 | 1,2 | 264.009 | 109,6 | 2,0 | 232.021 | 109,4 | 1,2 | 269.136 | 111,7 | 1,9 |
| **A Rioxa** | 174.785 | 110,3 | 1,0 | 202.684 | 112,7 | 1,4 | 177.635 | 112,1 | 1,6 | 207.307 | 115,3 | 2,3 |
| **Total** | 195.154 | 110,1 | 2,1 | 220.118 | 110,5 | 2,3 | 199.147 | 112,4 | 2,0 | 225.147 | 113,1 | 2,3 |

(1) incluidas horas extraordinarias

Fonte: *INE, Encuesta de salarios en la industria y los servicios*

CADRO 2.1.34.

**Ganancia media (1) por traballador e mes na industria e nos servicios nas CC.AA. 1998-99 (2): diferencia segundo xéneros**

| | 1998 | | | | | | 1999 | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Pagos ordinarios | | | Pagos totais | | | Pagos ordinarios | | | Pagos totais | | |
| | Homes | Mulleres | Ratio mulleres/ homes | Homes | Mulleres | Ratio mulleres/ homes | Homes | Mulleres | Ratio mulleres/ homes | Homes | Mulleres | Ratio mulleres/ homes |
| | *(en pesetas)* | | | *(en pesetas)* | | | *(en pesetas)* | | | *(en pesetas)* | | |
| **Andalucía** | 196.076 | 129.276 | 65,9 | 239.267 | 156.919 | 65,6 | 202.423 | 132.559 | 65,5 | 248.389 | 158.901 | 64,0 |
| **Aragón** | 221.774 | 127.275 | 57,4 | 278.828 | 155.334 | 55,7 | 224.632 | 130.045 | 57,9 | 282.054 | 156.485 | 55,5 |
| **Asturias** | 218.383 | 140.570 | 64,4 | 269.790 | 176.332 | 65,4 | 226.095 | 149.114 | 66,0 | 275.406 | 177.203 | 64,3 |
| **Baleares** | 195.104 | 138.715 | 71,1 | 250.026 | 167.940 | 67,2 | 200.123 | 145.853 | 72,9 | 253.681 | 176.835 | 69,7 |
| **Canarias** | 179.827 | 144.706 | 80,5 | 210.998 | 171.158 | 81,1 | 187.123 | 145.015 | 77,5 | 217.843 | 167.953 | 77,1 |
| **Cantabria** | 208.021 | 136.020 | 65,4 | 264.818 | 167.542 | 63,3 | 216.616 | 129.791 | 59,9 | 270.570 | 163.153 | 60,3 |
| **Castela - A Mancha** | 173.897 | 123.846 | 71,2 | 221.208 | 146.496 | 66,2 | 179.111 | 120.691 | 67,4 | 226.887 | 146.525 | 64,6 |
| **Castela e León** | 203.771 | 127.352 | 62,5 | 252.436 | 162.638 | 64,4 | 209.955 | 133.219 | 63,5 | 260.336 | 171.002 | 65,7 |
| **Cataluña** | 225.336 | 154.496 | 68,6 | 272.855 | 189.272 | 69,4 | 231.941 | 160.204 | 69,1 | 281.496 | 195.771 | 69,5 |
| **C. Valenciana** | 190.510 | 134.512 | 70,6 | 235.404 | 160.409 | 68,1 | 194.635 | 133.929 | 68,8 | 244.350 | 159.117 | 65,1 |
| **Estremadura** | 172.013 | 104.685 | 60,9 | 219.345 | 128.298 | 58,5 | 175.822 | 105.895 | 60,2 | 220.644 | 133.952 | 60,7 |
| **Galicia** | 181.105 | 124.878 | 69,0 | 223.642 | 160.457 | 71,7 | 188.200 | 126.842 | 67,4 | 229.395 | 163.609 | 71,3 |
| **Madrid** | 247.861 | 186.212 | 75,1 | 295.928 | 229.615 | 77,6 | 255.857 | 190.128 | 74,3 | 308.122 | 235.456 | 76,4 |
| **Murcia** | 173.203 | 110.200 | 63,6 | 214.627 | 136.416 | 63,6 | 176.267 | 116.165 | 65,9 | 218.924 | 144.544 | 66,0 |
| **Navarra** | 224.193 | 153.636 | 68,5 | 282.187 | 189.741 | 67,2 | 229.922 | 157.064 | 68,3 | 289.006 | 195.560 | 67,7 |
| **País Vasco** | 248.116 | 172.886 | 69,7 | 318.568 | 221.785 | 69,6 | 252.235 | 177.153 | 70,2 | 322.222 | 232.367 | 72,1 |
| **Rioxa** | 194.092 | 125.163 | 64,5 | 246.070 | 163.142 | 66,3 | 198.214 | 128.351 | 64,8 | 255.193 | 166.257 | 65,1 |
| **Total** | 208.561 | 158.829 | 76,2 | 255.544 | 195.613 | 76,5 | 214.413 | 162.346 | 75,7 | 263.172 | 200.023 | 76,0 |

(1) incluidas horas extraordinarias
(2) datos referidos ó 4º trimestre de cada ano
Fonte: *INE, Encuesta de salarios en la industria y los servicios*

nómicas convocadas realizáronse a nivel empresa. Dous delas foron realizadas e catro foron suspendidas. Nos 18 días de folga, o número de traballadores participantes ascendeu a 493 e o número de xornadas non traballadas foi de 7.409. En canto ás folgas provinciais, o número de folgas realizadas foi de 49 (15 máis que o ano anterior), e o número de días de folga ascendeu a 280 días (94 máis que en 1998). O número de xornadas non traballadas e o número de traballadores e traballadoras participantes aumentaron nun 391,1% e nun 156,5%, respectivamente.

A repercusión das folgas foi desigual nas distintas provincias. O **cadro 2.1.32.** reflicte o crecemento das repercusións das folgas nas provincias de A Coruña e Pontevedra tanto no caso dos traballadores participantes como no das xornadas non traballadas. As movilizacións nas provincias de A Coruña e Pontevedra son as que máis participantes rexistraron (11,2 e 16,1 miles de traballadores participantes, respectivamente) e as que contabilizaron un maior número de xornadas non traballadas (80,4 e 56,2, respectivamente).

• ***Custos laborais.-***

Unha análise máis detallada das ganancias dos traballadores ven determinada polo estudio da ganancia media por traballador a partir da *Encuesta de Salarios en la Industria y los Servicios*. O pago total medio mensual recibido en 1999 por un traballador en España foi de 225.147 pesetas, un 2,3% máis en relación ó ano anterior. En Galicia, a cantidade foi de 196.073 pesetas, un 2,8% máis que no ano anterior, sendo a quinta comunidade con menores pagos totais en 1999, por diante de Canarias, Castela a Mancha, Estremadura e Murcia. (**cadro 2.1.33.**)

Atendendo á desagregación por sexos, o **cadro 2.1.34.** amosa a diferencia importante que hai entre os pagos ás mulleres e ós homes. Neste senso, os pagos totais ás mulleres supoñen o 71,3% dos pagos ós homes en 1999, fronte ós 71,7% do ano anterior. Comparada co resto das comunidades autónomas, Galicia, que está por debaixo da media estatal (76,0%), é a cuarta comunidade con maior ratio en 1999, superada por Canarias (77,1%), Madrid (76,4%) e o País Vasco (72,1%). ■